Intercambio de materiais elaborados ao longo do curso escolar para fomentar o coñecemento do traballo realizado: revistas, almanaques, felicitacións, marcadores de páxinas, adhesivos, dípticos/trípticos, exposicións, así como na elaboración do proxecto Lingüístico.

### *2.1.5. Planificación de actividades plurianuais*

Deberanse planificar actividades plurianuais, é dicir, actividades que, polo seu éxito e arraigamento, repetiranse ano tras ano.

### *2.1.6. Variedade na tipoloxía das actividades organizadas ao longo do curso.*

Contaremos cunha gran escolma de actividades que recollerán as celebracións e as festas máis tradicionais, como no cadro de actividades se relata, exemplo delas son: O Magosto, O Samaín, O Apalpador, O Nadal, O Entroido e O Meco, cantigas en galego, O Maio, O Día das Letras Galegas, receitas das nosas festas, etc.

Traballarase a escrita na revista e nos folletos trimestrais, nas súas edicións dixital e impresa: invención de historias das obras de arte, receitas, cartaces das diferentes conmemoracións, revista dixital e en papel, folletos trimestrais, relato curto, poesía, cómic, dicionario visual…

O uso das TAC estará sempre presente, na procura de información, nas actividades dos diferentes blogs que están enlazados á páxina web do centro, revista dixital, videoconferencias, Proxecto E-Dixgal...

### *2.2. Actividades de dinamización da lingua galega para o curso 2023/2024*

A finais do curso 2022-23 pasado presentouse a Memoria descritiva e gráfica de todas as actividades realizadas a prol da lingua no centro. Nela podíase constatar que case a totalidade das 57 actividades previstas no Proxecto de fomento do uso do galego do curso pasado foron levadas a termo. Baseándonos, entón, na avaliación realizada polo EDLG, no Proxecto deste curso decidimos incorporar novas iniciativas e retirar outras para axustarnos máis aos obxectivos propostos e conseguir actividades máis eficaces. Como resultado, no presente proxecto planifícanse 58 actividades.

1. Entradas e saídas do centro musicadas
2. Motivar e implicar máis ao claustro nas actividades do equipo.
3. Photocall en galego para os aniversarios
4. Edición dun almanaque escolar en galego
5. Contacontos en institucións do contorno como a biblioteca Ágora
6. Panel de rutinas e merendas de E. Infantil en galego
7. Participar nas actividades do Proxecto Voz Natura: O noso horto urbano.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


8. Implicación directa no proxecto anual do centro: "Un curso de película".
9. Magosto
10. Samaín
11. O Samaín Rebuldeiro
12. Receitas tradicionais de tempada
13. Día da Ciencia en Galego
14. Participación no concurso de relato oral "Tíralle da lingua"
15. Participación no concurso "Olla a palabra do día"
16. Participación no programa Polos creativos.
17. O Apalpador
18. Conmemoración do Día Universal dos Dereitos Humanos
19. Participación na votación da Palabra do ano en galego
20. Concurso oral de chistes en galego "Faime rir". Concurso intercentros.
21. Campañas de promoción da lectura e exposicións na biblioteca
22. Mochilas viaxeiras en educación infantil.
23. Festexo do Día Escolar da Paz e da Non Violencia 2024
24. Participación na convocatoria para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística
25. Entroido
26. Renovación da figura e mandados do Meco
27. Festival de Entroido da ANPA
28. Día de Rosalía
29. Xornada de portas abertas e visitas guiadas
30. Revista "CEIP Raquel Camacho"
31. Promoción dos exemplares antigos da revista "O Noso Viveiro"
32. Lendo e facendo lenda
33. Orlas do alumnado de 6º de EP
34. Sesións de monicreques
35. Celebración do Día do Libro
36. Entrevista ao vivo cun autor/a de literatura infantil e/ou xuvenil
37. Semana das Letras Galegas 2024
38. Participación no concurso de elaboración de carteis para as LLGG.
39. Actividades variadas no centro sociocultural Ágora
40. Relato curto, poesía e banda deseñada
41. Saídas educativas e obradoiros variados
42. Participación no anual Festival da Asociación Veciñal do barrio da Agra do Orzán
43. Mantemento da páxina oficial do centro
44. Difusión de titoriais explicativos para que o profesorado e o PAS poida subir contidos á web dinámica do centro
45. Mantemento da sección do EDLG na web do colexio

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


46. Mantemento da sección da ANPA na web dinámica do colexio
47. Mantemento dos perfís do centro en redes sociais
48. Mantemento dos blogs do EBE
49. Teatro
50. Participación en campañas institucionais en galego
51. Participación nalgunhas actividades do portal: O portal da lingua galega.
52. Festas de fin de curso
53. BookTubers dende o Raquel Camacho
54. Lista de reprodución Encontros con escritores e escritoras no centro.
55. Participación no Día MUS-E Galicia
56. Participación e cooperación no programa CPInnova.
57. Uso de códigos QR
58. Utilización da aplicación AbalarMóbil para a comunicación coas familias.

**3. Conclusións**

Cómpre destacar a participación do alumnado e profesorado na elaboración de traballos e a aceptación do uso da lingua nos mesmos nas distintas actividades e celebracións. Apréciase, iso si, dificultades na expresión oral dos cativos/as e, por iso, seguiremos a programar actividades que potencien o uso oral da lingua. Con todo, o galego como lingua vehicular e de uso oral por parte do alumnado segue a retroceder e os datos da enquisa ás familias así o demostran.
Nesta situación negativa para o noso idioma, o sistema educativo, e o noso colexio, é un axente social máis. Por iso non deixaremos de propoñer iniciativas que involucren o centro na defensa e uso do valor cultural principal: a lingua.

A coordinadora do EDLG

Patricia Abad Reino

## 8.6. Plan de traballo: Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

### OBXECTIVOS

- Informar das actividades complementarias e extraescolares ofertadas polo Concello e decidir sobre aquelas que son de interese, unha vez, escoitados e consultados os distintos equipos e grupos de traballo do Centro.
- Formular propostas ao Equipo Directivo sobre a organización e desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares para a súa inclusión na Programación Xeral Anual.
- Informar e facilitar a participación nas distintas propostas, concursos ou actividades convocadas por distintas intitucións.
- Facilitar á ANPA a organización e realización das actividades extraescolares programadas.
- Participar e propoñer ao Claustro o modo de celebrar as actividades conmemorativas e lúdicas (Magosto, Nadal, Entroido, Día da Paz e outras de interesse).
- Participar no programa VOZ NATURA, que foi aprobado para o seu desenvolvemento no

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



centro no presente curso 2023 – 2024.
- Organizar e motivar a participación nas distintas actividades que se desenvolvan durante este curso no Colexio polo equipo de Biblioteca.

## CALENDARIO DE REUNIÓNS

Este equipo reunirase todos os primeiros luns de mes de 17'00h a 18'00h. De coincidir dito día en festivo ou en día non lectivo, trataranse os puntos de reunión no recreo do día lectivo seguinte.

## COMPOÑENTES DO EQUIPO

| | |
|---|---|
| Dna Irene Mandián Beloso | 2º ciclo Ed. Infantil |
| Dna Pilar Payo Soengas | 2º ciclo Ed. Infantil |
| Dna Tareixa González Guisán | 2ºA Educ. Primaria |
| Dna M.ª Jesús Míguez Areosa | 2ºB Educ. Primaria |
| Dna Mª Ángeles Blanco Río | 3ºA Educ. Primaria |
| Dna Mª Jesús Seoane López | 4ºA Educ. Primaria |
| Dna M.ª Ángeles Naya Lorenzo (coordinadora) | 4ºB Educ. Primaria |
| Dna M.ª Carmen Pérez Pérez | 5ºA Educ. Primaria |
| Dna Patricia Ares de la Iglesia | A.L |

## PLAN DE TRABALLO

**1º Trimestre**
- Presentar o Plan de traballo a desenvolver ao longo do curso escolar.
- Presentación da información recollida e xerada dende o Centro ou fóra del, relacionada coas actividades complementarias e extraescolares.
- Inscrición e solicitude de participación nas actividades promovidos polo concello e que resulten de interese para os distintos niveis.
- Preparación do calendario de conmemoracións e festas escolares a celebrar no trimestre (Magosto, Samaín)
- Colaboración nas actividades propostas polo proxecto VOZ NATURA.
- Participar e colaborar nas actividades propostas polo equipo de biblioteca.

**2º Trimestre**
- Determinar en que grao se vai cumprindo a Programación Xeral no referido ao Plan de Actividades.
- Preparación das propostas de celebracións das festas de Entroido, Día Mundial da Paz.
- Seguimento do traballo desenvolvido de VOZ NATURA e ideas para a súa continuidade.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



- Participar e colaborar nas actividades propostas polo equipo de biblioteca.

**3º Trimestre**

- Determinar o grao de cumprimento da programación xeral do centro referido ao Plan de Actividades.
- Preparación das propostas de celebración do Fin de curso.
- Valoración do Plan de Actividades e propostas a realizar cara o novo curso escolar.
- Elaboración da Memoria do Equipo.
- Rematar os traballos de VOZ NATURA.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Análise do nivel acadado na realización das actividades propostas no Plan de traballo.
- Valoración da súa adecuación identificando os posibles factores que poideron incidir no caso de medio ou baixo grao de adecuación.
- Medida en que se logrou a implicación do profesorado- alta- media- baixa- Por qué?
- Medida en que se logrou a implicación do alumnado - alta- media- baixa- Por qué?
- Grao en que se solicitou a participación das familias nas diversas actividades e medida en que éstas se implicaron.
- Participación doutros axentes colaboradores coa Comunidade educativa: Concello, ANPA…
- Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Propostas de mellora.

A Coordinadora.

Asdo: M.ª Ángeles Naya Lorenzo

## 8.7. Plan de traballo: Equipo de Dinamización da Biblioteca. PLAN DE BIBLIOTECA.

**COMPOÑENTES:**

Beatriz Maceda Abeleira (Coordinadora)
Beatriz Souto Pan (EI)
María Silgado Rebollo. (EI)
Paula Couto Lema (EI)
Leticia Recarey Pérez (EP)
Lorena Reol Pesquera (EP)
Nerea Seijoso Rey (Música)
Félix Asensio Fernández (EP)

**Calendario de reunións**

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


As persoas que forman parte do Equipo da Biblioteca reuniranse de 17:00h. a 18:00h. cando menos todos os primeiros luns de cada mes.

**Xustificación**

- No contexto do ensino e a aprendizaxe, a biblioteca escolar proporciona información e ideas que son fundamentais para desenvolverse na sociedade actual, baseada na información e no coñecemento. A biblioteca dota ao alumnado dos instrumentos que lle permitirán aprender ao longo da súa vida, desenrolando a súa imaxinación e curiosidade, facendo posible que cheguen a ser cidadáns responsables.
- A biblioteca escolar debe ofertar libros e outros recursos a tódos os membros da comunidade escolar para que desenvolvan o pensamento crítico e usen de xeito eficaz a información en calquera soporte ou formato. Estes materiais complementan e enriquecen os libros de texto, os materiais docentes e os métodos pedagóxicos.
- A biblioteca escolar é un compoñente esencial de calquera estratexia a longo plazo para a educación, provisión de información e desenvolvemento económico, social e cultural. Debe ter financiación suficiente e regular para destinar á formación de persoal, materiais, tecnoloxías e equipamentos.

**Análise da situación actual da Biblioteca:**

- A case totalidade dos fondos que temos catalogados pódense levar prestados para casa durante un máximo de 15 días. Todo o alumnado ten un carnet de préstamo feito no Meiga.
- Na biblioteca hai 6 ordenadores con acceso a Internet que o alumnado pode utlizar, tanto pola mañá dentro do horario lectivo acompañados polo seu titor/a como pola tarde no horario no que a biblioteca permanece aberta para a comunidade escolar, de 16:00h a 18:00h, supervisados polo profesor/a de garda.
- A biblioteca conta con varias zonas diferenciadas segundo o uso de cada unha delas: unha zona amplia de lectura con varios sofás e cadeiras, unha alfombra e no medio varios caixóns con libros para que os máis pequenos podan acceder a eles cómodamente. Unha zona de traballo cunha mesa longa e cadeiras. Tamén temos unha cadeira de brazos cunha lámpada de pé para recibir a escritores/as, conta contos ou mesmo os nosos alumnos e alumnas cando dan charlas ou contan contos aos seus compañeiros e compañeiras. Unha zona de ordenadores, unha pantalla de proxección na parede para o visionado de vídeos, dous caixóns con cadieras plegables, catro mesas con cadeiras con espazo para catro persoas e mobles para crear distintos espazos e que a biblioteca sexa máis multidisciplinar. Contamos cos distintos espazos de xogos, traballo por equipos…

**Análise das necesidades de renovación e actualización dos fondos documentais**

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


A nosa biblioteca ten os fondos catalogados por seccións: narrativa, poesía, teatro, cómic, dicionarios e enciclopedias, informativos e audiovisuais.

**a) Fondos de narrativa:**

- Os libros están separados por idades: os libros recomendados para os máis pequenos identifícanse cunha etiqueta de cor azul, os recomendados para nenos/as de 6 a 9 anos levan unha etiqueta vermella e os recomendados de 9 anos en adiante levan unha etiqueta verde.
- Neste momento a dotación de libros de narrativa na biblioteca é suficiente, aínda que todos os cursos actualízase segundo as inquedanzas dos nosos alumnos/as e a temática do proxecto da biblioteca de cada curso.

**b) Fondos de poesía, cómic e teatro:**

- Este curso, seguiremos a centrarnos na adquisición dun fondo de Cómic, Banda Deseñada e de poesía. Aínda que xa incorporamos novidades o curso pasado, seguimos pensando na necesidade de adquirir más nestas seccións.

**c) Fondos de Información:**

- Estes dous últimos cursos adquirimos libros sobre arte e sobre a igualdade de xénero por mor dos nosos proxectos e neste curso, xa que o proxecto está relacionado co cine, titulado "Un curso de película", aumentaremos a dotación deles relacionados con esta temática.

**d) Fondos de audiovisuais e informáticos:**

- Necesítase centralizar na biblioteca os fondos audiovisuais. Aínda non hai ningún fondo deste tipo catalogado nin rexistrado no Meiga. É un traballo que segue pendente.
- Este curso quedarán rexistrados todos estes fondos e as novas adquisicións.

**OBXECTIVOS**

- Fomentar o interese e o gosto pola lectura, colaborando para crear o hábito lector nos nenos/as.
- Facer posible o acceso a unha colección actualizada, axeitada e atractiva, mantendo os fondos permanentemente actualizados na medida do posible.
- Seguir co préstamo durante o recreo para o alumnado.
- Potenciar a utilización do préstamo polas tardes.
- Poñer a disposición de toda a comunidade escolar os recursos cos que conta a biblioteca, posibilitando un mellor acceso a eles.
- Colaborar nas actividades nas que sexa solicitada a participación da biblioteca.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



- Colaborar na formación do alumnado como usuarios, ensinándolles a localizar e selecionar a información que precisen do xeito máis autónomo posible.
- Preparar alumnos e alumnas, de 6º nivel, no dominio do programa Meiga, para que podan realizar, por quendas, o préstamo de libros nos recreos.
- Colaborar na búsqueda de todo tipo de recursos que o profesorado necesite para desenrolar a súa labor docente.
- Colaborar co profesorado en todo o que precise para levar a cabo o Plan Lector do colexio.
- Crear un apartado con obras destinadas a consulta, formación e actualización do profesorado.
- Centralizar tódolos libros e fontes de información existentes no centro xa sexan en soporte impreso ou audiovisuais.
- Facer actividades de animación a lectura, conta contos, celebracións das commemoracións,...
- Este curso o noso proxecto titúlase "Un curso de cine". Por a dispor de todas as persoas que conforman a nosa comunidade educativa, libros, páxinas web… precisas para unha boa realización do devandito proxecto.
- continuar cos club de lectura para alumnado de 5º e 6º, así como o de familias.

## TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- Os compoñentes do Equipo de Biblioteca tentan recoller as inquedanzas de información e lectura da nosa comunidade escolar para despois organizar as actividades que respondan aos intereses que os usuarios demandan.
- O Equipo de Biblioteca deseñará actividades que fomenten a lectura e o gosto por estar ben informado. Propoñeranse actividades para os distintos niveis ao longo dos tres trimestres.
- A biblioteca está a disposición de todo o profesorado polo que se estableceu un horario de uso a nivel de centro.
- Os membros do Equipo da Biblioteca terán dentro do seu horario un tempo específico dedicado exclusivamente a realización de actividades de biblioteca para favorecer o desenvolvemento de todos os obxectivos pretendidos.
- Dende o curso 2016/2017 realízase o préstamo individual de libros para casa durante o recreo para o alumnado de EPO.
- Contamos, como non, coa inestimable axuda do noso voluntariado.
- Todos os nenos/as do centro poden facer uso do préstamo polas tardes de 16:00h. a 18:00 h.
- A biblioteca dispón dun blog para Educación Infantil e outro para Educación Primaria, no que cada día haberá unha entrada fixa dedicada a distintos temas: Contos curtos, recomendacións literarias, o proxecto da biblioteca, as nosas letras... Tamén os alumos poderan publicar algúns dos seus traballos escolares. Pódese aceder na seguinte ligazón: http://bibliotkrc.blogspot.com/, ou ben a través do enlace existente na páxina Web do colexio. Continuamos cos dous clubs lectores de 5º e 6º, e o de familias. As xuntanzas serán os luns pola

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


tarde en horario de 16:00 a 17:00, para o alumnado; e un venres de cada mes para o club de familia

## DINAMIZACIÓN

### Primeiro trimestre

- Emprego dos blogues da biblioteca como unha canle de comunicación de novas e difusión de traballos escolares.
- Colaborar no desenvolvemento do tema central do proxecto de Voz Natura, que este curso versara sobre fauna e flora
- Conta contos para todos cursos. Cada semana un para Primaria e outro para Infantil. Realizados polo voluntariado e tamén polo alumnado que lle apeteza realizado. Os gravaremos para que poida gózalo o nivel para o que están feitos.
- Temos aberta unha páxina coa aplicación padlet , que estará enlazada cos blogues para que todo o alumnado coñeza as novidades que están chegando á biblioteca.
- Colaborar cos titores de cara ao desenvolvemento do Plan Lector.
- Colaborar na celebración do Magosto, Samaín e Nadal, que terán relación directa co proxecto da biblioteca.
- Club lector “Os Tusitalas”, cos alumnos e alumnas de 5º e 6º.
- Este trimestre, e dentro do proxecto da biblioteca “Un curso de película” entregarase, en outubro, a todo o claustro, nunha carpeta individual, o contido do mesmo para este primeiro trimestre coas actividades (tanto de aula, como colectivas.
- Continuar coa nosa labor de Biblioteca Solidaria cos voluntarios e voluntarias.
- Visita de autora na biblioteca.

### Segundo trimestre

- Actualización constante do blog da biblioteca.
- Continuar buscando libros sobre o tema central que vai presidir as actividades deste curso.
- Colaborar coas titoras de cara ao desenvolvemento do Plan Lector.
- Conmemorar o día da Paz.
- Participar na celebración do Entroido.
- Celebración da Semana do Libro. Relacionado co lema de Bibliotecas Escolares. Club lector “Os Tusitalas” cos alumnos e alumnas de 5º e 6º.
- Proxecto da biblioteca.
- Continuar coa nosa labor de Biblioteca Solidaria cos voluntarios e voluntarias.
- Este trimestre, e dentro do proxecto da biblioteca, faremos a segunda xuntanza para avaliar o proceso do mesmo durante o primeiro trimestre, e recibiran un mail co contido do mesmo para este segundo trimestre coas actividades (tanto de aula, como colectivas). Continuar coa

nosa labor de Biblioteca Solidaria cos voluntarios e voluntarias.
- Visita de autora na biblioteca.

**Terceiro trimestre**

- Actualización constante do blog.
- Colaborar cos titores de cara ao desenvolvemento do Plan lector.
- Colaborar co Equipo de Normalización para potenciar a participación na revista escolar.
- Celebración do Día das Letras Galegas.
- Este trimestre, e dentro do proxecto da biblioteca, faremos a terceira xuntanza para avaliar o proceso do proxecto no que vai de curso e se é preciso facer modificacións ou melloras. Recibirán,vía mail, o contido do traballo do proxecto,para este terceiro trimestre coas actividades (tanto de aula, como colectivas.
- Continuar coa nosa labor de Biblioteca Solidaria cos voluntarios e voluntarias.
- Visita de autora na biblioteca.
- Durante todo o curso, iremos incorporando á aplicación Padlet os novos libros.

**PLAN LECTOR**

***Obxectivos:***
- Promover e espertar na comunidade educativa o desexo e o gusto pola lectura, presentándoa como forma de comunicación e fonte de enriquecemento cultural e pracerpersoal.
- Crear un clima positivo ameno, lúdico e favorable cara á actividade da lectura.
- Orientar aos nenos e nenas para que aprendan a elixir as súas propias lecturas e a coñecer os seuspropiosintereses.
- Fomentar a lectura no ambiente familiar.

As familias recibirán por parte das titoras as seguintes suxestións para fomentar nos seus fillos e fillas o hábito lector:

**ESTRATEXIAS PARA INFUNDIR A PAIXÓN POLOS LIBROS**

**1. Se un exemplo:**

Non podemos convencer a ninguén de algo se primeiro, non ofrecemos exemplo. De nada vale obrigar a un neno a ler se nos ve a nós fronte ao portátil ou a televisión. Impoñer xamais resulta adecuado. Se desde moi pequenos vennos acompañados por un libro é máis probable que sentan interesados, que che pregunten, que che imiten.

**2. Exposición temperá:**

Aínda que non o creas, os nenos entenden moito máis do que podemos pensar os adultos. Antes de

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


empezar a falar entenden xa infinidade de palabras. Antes de empezar a ler, poden adquirir moitos coñecementos: a linguaxe poética, os xogos de palabras e as rimas, ou escoitar historias orais.
En resumo, necesitan ser estimulados. Sentarnos con eles xunto a un libro de contos e empezar a lerlles será xa un claro incentivo para eles. Escoitar a túa voz, a túa entoación, a trama da historia, son pequenos chanzos ata que o seu cerebro estea o bastante maduro como para asentar o proceso lecto-escritor.
Todo isto acontece antes dos tres anos, momento en que lles interesa máis a sonoridad que o contido, pero é moi útil para que vaian interiorizando toda esa linguaxe. O lerlles mesmo antes de que empecen a camiñar, é incriblemente beneficioso.

**3. Organización.**

Hai que establecer un horario. Os nenos necesitan pautas e regras. Saber cando deben facer determinadas cousas: deberes, merendas, ceas, momento de ducha, lectura antes de ir durmir, os videoxogos só para o fin de semana. Só é un exemplo, pero con iso queremos dicirche que as pautas son esenciais para que vaian aprendendo a xestionar o seu tempo, e tamén a sentirse seguros sabendo o que esperamos deles en cada momento. E lembra, a constancia é esencial. Cando estean relaxados é un bo momento para ler ese capítulo do libro de onte.

**4. Ofrécelle liberdade de lectura.**

Non lle impoñas títulos. Atende cales son os seus gustos e ofrécelle suxestións. Tampouco te preocupes se se inicia por exemplo no mundo dos cómics, son un bo chanzo e un gran universo que poder combinar con libros de temática parecida: fantasía, aventuras, ciencia-ficción …
Actúa como guía, pero non lle impoñas os teus gustos, e ten en conta tamén o seu momento evolutivo. Os nenos crecen rápido e, cando te deas conta, terán novas necesidades. E sempre existe un libro idóneo para cada idade, e para cada momento persoal. Ten en conta tamén que podes estimular o seu pracer por ler a través de máis medios. Explícalle que esa película de vampiros que viu no cinema, e que tanto lle gustou, está baseada nun libro, por exemplo.

**5. Atende as súas preguntas e todas as súas palabras.**

Escoita o que os máis pequenos teñan que dicirche.
En ocasións apenas temos demasiado tempo polas tardes, cando eles volven do colexio. Pero ten en conta algo, se non respondes as súas preguntas, as súas ideas ou comentarios agora que son pequenos, chegará un día en que deixen de buscar a túa atención ou de consultar contigo. Así que non o dubides, obtén sempre tempo para eles. Para comentar ese capítulo do libro, para escoitar as súas ideas, para suxerirlle máis cousas e afiar así a súa imaxinación. Es o seu maior estímulo.

- ***Actividades***

As actividades levaranse a cabo seguindo un proceso dinámico libre e flexible, permitindo achegarse aos alumnos/as á lectura dun xeito natural e divertido. Este proceso terá sempre en conta as ida-

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



des e nivel lector dos participantes. Será fundamental lograr a motivación adecuada nos nenos/as de cara as actividades propostas.

- ***Extratexias metodolóxicas***

- Organización, planificación e integración dos recursos da biblioteca escolar no programa curricular.
- Traballo de equipo entre a aula e a biblioteca do centro
- Programa de animación á lectura.
- Préstamo de libros.
- Participación das familias.
- Implicación de toda a comunidade educativo nos proxectos da biblioteca.

- ***Recursos***

Colaborará todo o profesorado do centro no desenvolvemento do Plan lector. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estará coordinado preferentemente polo equipo directivo e a persoa responsable da biblioteca do centro.
E imprescindible tamén a implicación e motivación do alumnado, así como o papel da familia e a importancia que se lle conceda a lectura no ámbito familiar. A familia, xoga un papel moi importante en tres grandes momentos ou etapas dos neno/as na lectura. A primeira é aquela na que o neno ou nena non le, senón que outros lle len . A segunda é aquela na que le con outros e a terceira na que le só. Son os pais os que motivan e introducen aos nenos/as á maxia da lectura no ambiente do fogar, o neno/a que reciba este acompañamento será un lector en potencia.
A biblioteca de aula é un recurso material fundamental. É un espazo de comunicación que considera unha colección organizada de material bibliográfico que responde aos intereses e necesidades de nenos/as e aos obxectivos curriculares. O seu obxectivo é relacionar aos nenos/as co material escrito a través de diferentes e interesantes procedementos pedagóxicos.

- ***Organización***

En Infantil cada titor/a fixará no seu horario diario o "tempo do conto", tempo no que se realizarán distintas actividades de lectura, sendo o adulto o que lle lerá un conto aos nenos.
En Primaria realizarase "o taller de lectura", coa idea de ir formando lectores activos. As estratexias ou técnicas teñen un carácter lúdico, tómanse en conta e respéctanse os gustos e ideas de cada un e do grupo en xeral. Teránse en conta, sobre todo os obxectivos da área de comunicación. Este taller de lectura desenvólverase despois do recreo, de 12 h a 12:20 h, e estará dirixido cada día pola persoa que lle corresponda traballar con ese grupo na cuarta sesión, independientemente de que sexa o titor ou un especialista.
Os titores teñen a súa disposición na aula un libro para cada neno/a. En todas as aulas de Primaria

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax. 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


contan con vintecinco exemplares iguais de varios libros para poder facer lectura colectiva. E, por suposto, calquer profesor ten a súa disposición todos os fondos cos que conta a biblioteca, neste caso, para levar a cabo a súa labor de desenvolvemento do Plan Lector.
Este curso teremos a visita de tres autoras:

- Estíbaliz Espinosa, co libro, Caer de cu polo universo.
- María Canosa, co libro, Saínza. A punkiereteira.
- Manuel Rivas, co libro, A nena lectora.
- Horario previsto para o uso da biblioteca

De mañá de 9 a 14 horas. O horario estará repartido de xeito que tódolos grupos teñan polo menos unha hora semanal de uso da biblioteca.

| HORARIO | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:50 | | | | | |
| 9:50-10:40 | | | | | |
| 10:40-11:30 | | | | | |
| 11:30-12:00 | Préstamos de libros e actividades por recantos. | Préstamos de libros e actividades por recantos. | Préstamos de libros e actividades por recantos. | Préstamos de libros e actividades por recantos. | Préstamos de libros e actividades por recantos. |
| 12:00-12:20 | Periodo lector | Período lector | Período lector | Período lector | Período lector |
| 12:20-13:10 | | | | | |
| 13:10-14:00 | | | | | |

Pola tarde de 16:00h a 18:00h está atendida polo profesorado do centro distribuido en quendas. Este tempo está adicado principalmente a consultas, lecturas e traballos.

## PROXECTO DA BIBLIOTECA CURSO 2023/2024: Un curso de película

**1. O noso proxecto é un plan de acción e realización.** O que imos facer é: investigar, descubrir e analizar sobre a temática do cinema, a súa evolución histórica, profesións relacionadas, xéneros; con clara intencionalidade de conseguir un resultado.

***Intencionalidade:***

- argumentar
- negociar e resolver os problemas que xurdan.
- que queremos facer. ?
- para que o imos a facer?
- que necesitamos.?
- con que o faremos ?
- onde atoparemos o que necesitamos ?
- asignar responsabilidades: quen vai facer cada unha das tarefas?

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



- avaliar o plan, os pasos dados e os resultados obtidos?
- Informar, publicar e transmitir as nosas experiencias aos demais

***2. Datos básicos:***

- Título: Un curso de película.
- Centro de interese: O cinema como arte, como elemento sociocultural e como ferramenta na adquisición de coñecementos e valores positivos.
- Obxectivo primario: Desenvolver as competencias básicas a través da análise e realización de obras cinematográficas.
- Ámbitos de actuación: áreas instrumentais, en especial Lingua Castelá; Inglés, Coñecemento do Medio e Educación Artística.
- Temporalización: de outubro a finais de maio.
- Traballos a desenvolver: Historia do cinema. Etapas máis importantes, xéneros, actores e directores máis importantes.
- Como ver un filme: análise de películas desde multitude de puntos de vista.
- Aspectos técnicos: rodaxe, montaxe, produción, distribución e proxección.
- Aspectos estéticos: música, decorados, escenarios, planos, vestiario, efectos dixitais,
- Traballos e oficios: actor, director, músico, barbaría, maquillaxe, cámara, guionista, es cenógrafía, fotografía.
- Metodoloxía:
- Participativa, ensino mediante a procura e descubrimento guiado.
- Múltiples agrupamientos heteroxéneos e flexibles.
- Avaliación do proxecto:
- Mellora na adquisición das súas Competencias Básicas.
- Desenvolve, de maneira xeral os procesos investigadores e construtivos.
- Identifica, valora e ten conciencia crítica das películas traballadas.
- Os obxectivos do proxecto nútrense e adecúan aos curriculares de ciclo e nivel.
- Estratexias e criterios de avaliación.
- Decisións metodolóxicas e de agrupamiento.
- Adecuación do proxecto ás características do alumnado.

**3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Mellorar o grao de adquisición de todas as Competencias Básicas.
- Descubrir os compoñentes (de todo tipo) que de maneira global, inflúen na arte: compoñen tes matemáticos, sociais, culturais, históricos, lingüísticos, técnicos.
- Distinguir os aspectos comúns e diferentes entre os procesos creativos dos cineastas e os profesionais do mundo do cinema.
- Analizar, valorar e lograr unha conciencia crítica sobre as películas visionadas e traballadas; iniciando aos alumnos e alumnas nesta arte, non como meras espec tadoras, senón como axentes activas e consumidoras intelixentes das mesmas.
- Comprender os propósitos que os diferentes profesionais do cinema teñen ao realizar as súas

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


obras; buscando o seu significado social, ideolóxico, e cultural, que poden posuír.

- Familiarizarse coa importancia do traballo en equipo para a consecución dun fin común.
- Coñecer e diferenciar os xéneros cinematográficos.
- Desenvolver nos alumnos/as a súa capacidade de expresión e valoración das diferentes manifestacións culturais.

## TRABALLOS A DESENVOLVER. TEMPORALIZACIÓN

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVO:**<br>Adquirir un coñecemento básico do proceso de creación e da historia do cine.<br>**CONTIDOS:**<br>- Procura de información sobre os acontecementos máis importantes da historia do cine.- Xéneros máis importantes.<br>- Cineasta e actores e actrices destacados.<br>- Películas importantes, que fixeron historia e quedaron na memoria do público.<br>**TRABALLO:**<br>Investigación sobre o cine e a súa historia, a través da realización dunha ficha individual.<br>- Recoller información a través de diversas páxinas web: https://educomunicacion.es/cineyeducacion/https://historiadelcine.es/https://youtu.be/VWDVY-hRP7s?si=Ai3aSG11p7R3uqKM<br>- Creación dun mural explicativo, cunha liña cronolóxica introducindo os elementos máis relevantes.<br>**TEMPORALIZACIÓN:** do 1 de outubro ao 31 de maio. | **COMPETENCIAS:**<br>- Lingüística.<br>- Dixital.<br>- Artística e cultural.<br>- Interacción co medio.<br>- Iniciativa y autonomía.<br>- Aprender a aprender.<br>- Social e cidadán.<br>- Emocional. |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



| | |
|---|---|
| | **RECURSOS E ESPACIOS:**<br>- Video proxector.<br>- PC portátil.<br>- Biblioteca.<br>- Aula ordinaria<br><br>**MATERIAIS:**<br>- Escolar e de elaboración plástica en xeral.<br>- Naturais e reciclados. |
| | **AVALIACIÓN:**<br>- Procesos investigadores dos alumnos/as.<br>- Procesos creativos dos alumnos/as.<br>- Capacidade organizativa.<br>- Producións a partir dos coñecementos adquiridos.<br>- Desarrollo das competencias. |

Nos seguintes dous trimestres iremos coñecendo os distintos xéneros cinematográficos. Recibiremos na Biblioteca a persoas dos distintos sectores do audiovisual. Tamén falaremos co CGAI para realizar algunha actividade conxunta.
Neste proxecto imos colaborar coa biblioteca do IES Agra do Orzán, que esta preto do noso colexio e que recibe moito do noso alumnado.
Tamén, se é posible, xa que o noso colexio forma parte do proxecto MUSE, colaboraremos na parte de audiovisual.

A Coordinadora.

Beatriz Maceda Abeleira

## 8.8. Plan de traballo: Equipo de Dinamización das Tecnoloxías de información comunicación. PLAN DIXITAL.

### 1.1. Xustificación

Este equipo de traballo de introdución ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) xorde

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



co propósito principal de que se introduzan as TIC na metodoloxía do proceso de ensinanza-aprendizaxe, tal como se vén reflectindo na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. As ferramentas tecnolóxicas e sistemas informáticos están hoxe en día na vida das nenas e nenos e, polo tanto, o equipo de dinamización das TIC busca unha adaptación á realidade e, deste xeito, aproveitar de modo satisfactorio as posibilidades que as TIC ofrecen: aumentar as opcións didácticas do profesorado, favorecer o traballo colaborativo, favorecer a autonomía do alumnado, adaptarse ás súas necesidades e ritmos…
Co presente plan de traballo preténdese que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, utilice as TIC para aprender, informarse e comunicarse. Neste plan ten participación activa todo o equipo docente e na súa elaboración tívose en conta o sinalado no actual Plan Dixital.

**1.2. Compoñentes do equipo**

Ramon París Lago (DO): coordinador do equipo de dinamización das TIC de Plan Dixital.
Ciro Salgado Rodríguez (PT): coordinador Abalar/E-Dixgal.
Rosa Mª Mosteiro Neira (Apoio EI).
Carmen Ouro Souza (Apoio EP).
Mª de los Ángeles Roca Lodeiro (5º B).
Paula Álvarez Lavandeira (EF).

**1.3. Calendario de reunións**

Todos os primeiros luns de cada mes, en horario de 17 a 18 horas. De coincidir dito día festivo ou en día de vacacións, trataranse os puntos da reunión no recreo do día lectivo seguinte.

**1.4. Obxectivos**

A formulación destes obxectivos ten como punto de partida o apartado 2 do citado Plan Dixital no que se aborda a situación de partida do colexio no ámbito das TIC. Nel, reflíctense as infraestruturas, equipamento e servizos dixitais e a análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades).

***1.4.1. En relación ao profesorado***

1. Impulsar o uso das TIC nas distintas actividades de aula, empregando as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades…
2. Impulsar e fomentar a formación no eido das TIC a todos os compoñentes do claustro, sobre todo a aquelas relacionadas coa formación para centros pertencentes á Rede Abalar, Proxecto E-DIXGAL e PROENS.
3. Colaborar con outros equipos de dinamización do centro en actividades nas que as TIC estean presentes.
4. Axudar nas dúbidas que poidan xurdir en canto ao uso das TIC e colaborar na busca de recursos e formación.
5. Mellorar na proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



posibilidades que ofrecen as TIC.

6. Poñer ao alcance información para acceder ás TIC e E-Dixgal a través de cursos de forma ción e espazos en rede do centro como blogs, redes sociais educativas...
7. Informar dos distintos cursos, plans, proxectos de formación, etc., que poidan ser de intere se para o profesorado.

### *1.4.2. En relación ao alumnado*

1. Fomentar o interese e gusto polo uso das ferramentas TIC, potenciando a capacidade de ra zoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
2. Fornecer o alumnado con estratexias para obter e xestionar a información conseguida me diante o uso das TIC.
3. Colaborar na formación como usuarios nas diversas actividades, iniciándoo no acceso á in formación, manipulación, busca e comunicación.
4. Facilitar o acceso ás TIC ao alumnado con NEAE nas tarefas de apoio e reforzo de aprendi zaxes.
5. Fomentar o respecto polo coidado dos ordenadores e material informático, fráxil.
6. Favorecer a superación das limitacións de acceso as TIC derivadas de desigualdades so ciais.
7. Recompilar material multimedia para o seu uso.
8. Promover campañas de concienciación do uso moderado e razoable das TIC entre o alum nado.

### *1.4.3. En relación ao resto da comunidade educativa*

1. Dotar progresivamente, na medida do posible, de ordenadores, encerados dixitais e canóns a todas as aulas do centro e substituír os avariados.
2. Colaborar nas actividades nas que se solicite o uso das TIC por parte da ANPA do centro, poñendo en práctica mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte das familias dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
3. Promover actividades de formación e charlas dirixidas ás familias para fomentar o uso dos distintos servizos que ofrece o Espazo Abalar (E-Dixgal, AbalarMóbil...).
4. Consolidar a páxina web e as diferentes redes sociais do centro como medio de comunica ción e divulgación do centro coa comunidade educativa.

## 1.5. Actuacións por trimestres para o curso 2023/2024

A continuación establécense as accións a desenvolver nos trimestres do curso, incluíndo aquelas necesarias para o desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

1. Mantemento do equipamento TIC do colexio:
   - 1.2. Revisión da infraestrutura wifi do centro.
   - 1.3. Conexión dos dispositivos á nova rede (edu.xunta.gal): tanto para equipos do centro como para os do profesorado.
   - 1.4. Revisión do funcionamento dos PC, pantallas e EDI das aulas.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


1.5. Adquisición de 2 carros de carga con 25 ultraportátiles móbiles, un para cada planta do colexio, coa finalidade de que todo o alumnado de 1º a 4º de EP poida realizar traba llos dixitais e tarefas de consulta e busca de información individualizadas.
1.6. Proposición para mellorar a aplicación Abalarmóbil (que se poidan enviar arquivos adxuntos, p.e.), co fin de garantir unha comunicación eficiente e dispoñer dunha fe rramenta máis áxil.
1.7. Dotación de 25 tabletas con armario de carga e fundas protectoras para EI, coa finali dade de que poidan ser empregadas por todo o alumnado do ciclo, para reforzar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito dixital e garantir o acceso do alumnado en si tuación vulnerable a este tipo de ferramenta nas aulas.
1.8. Continuación da renovación do equipamento informático de todas as aulas NON E-di xgal e da aula de informática do centro.

2. Información sobre a formación en TIC que oferta o CAFI e o CFR.
3. Fomento co emprego de AbalarMóbil entre as familias e o profesorado.
4. Axuda para o funcionamento efectivo das aulas que están a desenvolver o Proxecto E-Di xgal.
5. Realización do horario das aulas de informática.
6. Mantemento e actualización da páxina web:
   6.2. Actualización das seccións pertencentes a diferentes entidades e equipos do centro: ANPA, Voz Natura, EDLG...
   6.3. Aloxamento na páxina web e galería de actividades de aula por parte do profesorado.
   6.4. Aloxamento na páxina web da documentación institucional do centro.
   6.5. Publicación nas redes sociais das actividades realizadas.
7. Colaboración co EBE no mantemento dos seus blogs.
8. Publicación nas redes sociais do centro das actividades realizadas.
9. Maquetaxe da revista anual e dos folletos trimestrais en colaboración co EDLG e co EBE.
10. Comunicación á Consellería das carencias en equipamento.
11. Solicitude á Consellería de novo equipamento.
12. Aloxamento de recursos nos blogues de centro.
13. Organización de formación para familias sobre as funcionalidades de Abalamóbil.
14. Organización de sesións de formación interna para o profesorado sobre as funcionalidades do Espazo Abalar e de Abalarmóbil e de calquera outra necesidade que xurda.
15. Fomento na aula do traballo distintos elementos da Web 2.0.
16. Seguimento do proceso de implantación do Plan Dixital.
17. Creación dun sistema de partes de comunicación de avarías automatizado en conexión co servizo técnico.
18. Elaboración de recursos TIC para a aula.
19. Asesoramento e colaboración cos cursos implicados, na elaboración de orlas de fin de cur so.
20. Valoración e seguimento da implantación dos obxectivos e actividades do presente plan.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


21. Elaboración da memoria final do equipo.

### 1.6. Organización e funcionamento do equipamento tic

Para a organización no uso do material dispoñemos do seguinte horario, no que cada grupo realizará actividades variadas e de temática diferente cos recursos das dúas aulas de informática e da aula de linguas.

*1.6.1. Horarios dos espazos tic do centro*

Aula da Consellería. Este curso non funciona, por estar sendo empregada para o desdobre dunha aula de 6º EP

Aula de Linguas.

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 1ª SESIÓN | 6ºB | | 6ºC | | 6ºA |
| 2ª SESIÓN | 6ºC | | | | 5ºB |
| 3ª SESIÓN | 6ºA | | | | 5ºA |
| 4ª SESIÓN | 5ºA | | 5ºA | 6ºB | 6ºC |
| 5ª SESIÓN | 5ºB | | 6ºA | 5ºB | 6ºB |

### 1.7. Avaliación do plan de traballo

Este plan será avaliado nas reunións do equipo de dinamización das TIC. Para iso, iranse valorando a implementación das diferentes actividades propostas e a consecución obxectivos sinalados máis arriba. Os resultados de dita avaliación rexistraranse nas sucesivas actas de avaliación e na memoria final.

Asinado:

O coordinador, Ramón París Lago.

## 8.9. Plan de traballo do Departamento de Orientación.

### 1.1. Xustificación baseada no contexto

#### 1.1.1. Contexto legal

O presente plan de traballo baséase no establecido na LEI ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de educación (BOE núm. 340, de 30 de decembro) (LOMLOE) Así mesmo, ten en conta o marcado, por un lado, na lexislación específica que regula a orientación educativa en Galicia:

- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 79 do 27 de abril).
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG Núm. 147 do 31 de xullo).
- CIRCULAR 10/2010, 14 de setembro, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa na comunidade autónoma de Galicia.

E, por outro, na normativa xeral sobre a atención á diversidade na nosa comunidade autónoma:

• DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG Núm. 242 do 21 de decembro).

• ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG Núm. 206 do 26 de outubro).

E por todas aquelas normas, protocolos e documentos institucionais que configuran as funcións do departamento de orientación (DO).

**1.1.1.1. Concepto de necesidade específica de apoio educativo (NEAE) no contexto legal**

De conformidade co artigo 71.2 da citada LOMLOE e o artigo 6 da ORDE do 8 de setembro de 2021, enténdese por alumnado con NEAE as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren:

• Necesidades educativas especiais (NEE), o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento. Estas necesidades estarán derivadas de:

  ◦ Discapacidade.
  ◦ Trastornos graves de:
    ▪ Conduta.
    ▪ Comunicación.
    ▪ Linguaxe.

• Atraso madurativo.
• Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
• Trastornos de atención ou de aprendizaxe.
• Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
• Situación de vulnerabilidade socio-educativa e/ou cultural.
• Altas capacidades intelectuais.
• Incorporación tardía ao sistema educativo.
• Condicións persoais ou de historia escolar: dificultades específicas de aprendizaxe, por exemplo.

**1.1.2. Contexto de centro**

O plan de traballo parte da situación contextual do colexio explicada durante a presente PXA.

O IES de referencia ao que está adscrito o noso centro é o IES Agra do Orzán.

**1.2. Composición do DO**

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


| | |
|---|---|
| Xefe do DO | Ramón París Lago |
| Audición e linguaxe (AL) I | M. Carmen García Vila |
| AL II | Patricia Ares de la Iglesia |
| Pedagoxía terapéutica (PT) I | M. de la O Fernández Iglesias |
| PT II e coordinadora do 3° ciclo de EP | M. José Camino Marta |
| PT III (at. preferente) | Ciro Salgado Rodríguez |
| Coordinador do 2° ciclo de EI | Xabier Gayoso Ponte |
| Coordinadora do 1° ciclo de EP | Susana Rodríguez Martínez |
| Coordinadora do 2° ciclo de EP | M. Jesús Seoane López |

**1.3. Calendario de reunións**

As reunións do departamento celebrarase todos os 3° luns lectivos de cada mes de 17 a 18 horas no despacho do DO.

**1.4. Obxectivos xerais**

**1.4.1. Obxectivos referidos ao centro**

• Colaborar na revisión do PE, concrecións curriculares, plan xeral de atención á diversidade (PXAD) e outros documentos de centro.

• Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.

• Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo —EDir—, profesorado, alumnado, equipos docentes, ANPA e outras), favorecendo canles de comunicación e actuación.

• Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa, que poidan incidir no proceso evolutivo e da aprendizaxe dos seus fillos/as.

**1.4.2. Obxectivos referidos ao alumnado**

• Contribuír á personalización dos procesos de ensino/aprendizaxe (medidas de atención á diversidade) impulsando iniciativas de equidade e compensación de desigualdade.

• Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.

• Atender as demandas de orientación que se presenten, tanto persoais como referidas a NEE.

• Potenciar a orientación educativa e académica no 3° ciclo da EP.

• Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción titorial con fins preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal e emocional.

• Asesorar no desenvolvemento de programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, incardinadas no propio currículo.

• Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEE ou NEAE concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.

• Fomentar no alumnado actitudes cooperativas tanto no Centro coma no seu ámbito sociocultural.

• Favorecer a resolución de conflitos fomentando actitudes dialogantes e positivas.

**1.4.3. Obxectivos referidos ao profesorado**

• Coordinar a actuación das titorías ou especialista, o profesorado especialista do departamento e o xefe do DO, na procura de dar a mellor resposta ás NEAE que presente o alumnado.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


• Coordinar o proceso de avaliación formativa do grupo e a información que se traslada sobre o mesmo, ao alumnado e ás súas familias.

• Asesorar ao profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu labor docente.

• Posibilitar a colaboración efectiva do profesorado tanto na acción titorial coma a orientación.

• Contribuír á resposta das necesidades que teñan as titorías no desenvolvemento deste labor fundamental.

• Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a mellora da súa práctica docente.

**1.4.4. Obxectivos referidos ás familias**

• Promover actividades informativas e que favorezan a implicación das familias, respecto dos obxectivos educativos planificados no eido da orientación.

• Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir responsabilidades e pautas conxuntas, en relación á orientación educativa do alumnado.

• Informar e asesorar as familias do alumnado que presente NEAE.

**1.5. Concreción das accións prioritarias do departamento sinaladas pola consellería**

Os obxectivos sinalados no apartado anterior débense artellar en liñas básicas de traballo mediante a planificación de actividades e propostas, que contribúan ao seu desenvolvemento dun xeito coherente, gradual e integral:

• Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

• A acción titorial e mellora da práctica docente.

• A orientación académica e cara a mellora do desenvolvemento persoal e emocional.

Os servizos de orientación educativa desenvolverán as funcións reflectidas no marco normativo vixente (os xa citados DECRETO 120/1998 e a ORDE do 24 de xullo de 1998) prestando especial atención ás seguintes actuacións prioritarias establecidas ao respecto na CIRCULAR 10/2010:

**1.5.1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade**

• Recollida das achegas remitidas ao EDir, realizadas pola CCP, os equipos de ciclo e nivel e dos equipos docentes de aula para, de ser o caso, se proceda á revisión do PXAD, contribuíndo a colaborar activamente na súa aplicación e desenvolvemento.

• Asesoramento ao EDir en relación ao PE e os documentos que o artellan, incidindo en eidos como a acción titorial, convivencia e MAD.

• Elaboración e posta en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de necesidades educativas e/ou dificultades específicas na aprendizaxe.

• Axuste da resposta educativa e de apoio á realidade, características persoais e necesidades do alumnado, con intervencións inclusivas a partir das súas potencialidades.

• Asesoramento aos equipos de ciclo e nivel e profesorado en xeral, nos procesos de revisión, deseño, desenvolvemento e posta en práctica das concrecións curriculares, Programacións didácticas, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares (AC).

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



• Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas, protocolos de actuación e recursos materiais ou humanos para a atención do alumnado con NEAE.

**1.5.2. Relacionadas coa acción titorial**

• Colaboración co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre a admisión e ordenación do noso sistema educativo, as actuacións para procurar a acollida do novo alumnado e profesorado, os cambios de centro e a participación na organización e XEstión dos mesmos, nos diferentes órganos de goberno e coordinación docente.

• Cooperación cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado das diferentes etapas educativas, dado que este proceso resulta fundamental como base para a atención á diversidade.

**1.5.3. Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores**

• Deseño e posta en práctica de programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos e mellora da mesma, asesorando na elaboración, revisión e actualización dos documentos de centro.

• Asesoramento á comunidade educativa sobre a elaboración e posta en práctica do plan de convivencia (Pconv) e das normas de organización e funcionamento (NOFC).

**1.5.4. Relacionadas co PXAD, co Plan Anual de Orientación e coa Memoria final de curso**

• Actualización, mediante a revisión e mellora, do PXAD concretando á súa vez no plan traballo do DO as actuacións previstas para cada curso escolar, os destinatarios e responsables da súa execución e a temporalización das mesmas.

• Redacción da avaliación final do curso do DO, que se incluirá na memoria final do centro, a partir da valoración respecto do grado de desenvolvemento dos obxectivos planificados no no presente plan, fundamentando as propostas de mellora que resulten necesarias.

**1.5.5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade**

• Colaboración nos diferentes procesos de avaliación nos que participe o centro, nos termos que se establezan.

• Asesoramento á totalidade da comunidade educativa sobre os distintos plans e proxectos de innovación e mellora da calidade da práctica educativa ofertados.

**1.5.6. Relacionadas coas aplicacións DrdADI e DrdOrienta**

• Transmisión, en forma e prazo, da información que se demanda aos DO dos centros, respecto de cumprimentar as citadas aplicacións.

**1.5.7. Outras**

• Asesoramento ás titorías relacionadas coa competencia informativa e fomento do hábito lector como un ben necesario e imprescindible, para acceder á información facilitando un deseño universal para a aprendizaxe (DUA) e inclusivo e como chave de transformación social e participación cidadá libre, consciente e crítica.

• Asesoramento, información e difusión entre o noso alumnado do acceso á educación básica obrigatoria e pos-obrigatoria (condicións de acceso, características e perfil das titulacións e oferta educativa na zona).

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


• Proposta de medidas encamiñadas a previr ou diminuír de ser preciso, situacións de absentismo ou abandono escolar temperán entre o alumnado.

• Promoción da igualdade de trato, ante a identidade de xénero do alumnado ou calquera outra condición ou característica persoal, así como a prevención de situacións de acoso escolar e/ou violencia en calquera ámbito.

• Establecemento de canles de coordinación entre profesorado responsable e DO dos centros da zona, facilitando a axeitada planificación do tránsito do alumnado entre as distintas etapas educativas.

**1.6. Estratexias de intervención e criterios de intervención**

**1.6.1. Estratexias referidas ao alumnado**

**1.6.1.1. Realización da avaliación inicial e integración na vida escolar do alumnado**

• Actividades de acollida, especialmente para o alumnado de novo ingreso e/ou procedente do estranxeiro.

• Actividades no inicio do curso coas titorías de referencia:

◦ Comentarán co alumnado os seus dereitos e deberes, informarán do funcionamento do centro, impulsando que tomen conciencia da necesidade de elaborar e consensuar acordos e normas de convivencia na aula, tendo conta das actuacións establecidas respecto do control do seu cumprimento nas NOFC.

◦ Unha vez que o grupo se coñeza, propoñer a elección de delegado/a e a posterior análise das súas responsabilidades e funcións no día a día da aula.

◦ Proporcionarán ao alumnado, información referente ao calendario escolar, horarios, actividades complementarias e extraescolares nas que poden participar, programas e proxectos escolares e de innovación nos que se toma parte, atención ás familias e criterios de avaliación.

◦ Determinarán as características, necesidades, intereses, motivacións, ritmos do grupo-clase titorizado, empregando a observación sistemática entre outras técnicas.

**1.6.1.2. Detección e avaliación das NEAE do alumnado**

• Colaboración e actuación conxunta dos equipos docentes, titorías, familias e DO para facilitar a detección temperá das posibles NEAE que poida presentar o alumnado, co obxecto de procurar a resposta educativa e intervención o máis axeitada que resulte posible.

• Proposición, por parte da xefe do DO, da intervención en cada un dos casos de alumnado que presente NEAE, intercambiando información, coordinando a actuación do profesorado de apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL co que conta o DO.

• Elevación da proposta de organización das intervencións do persoal do DO á dirección, mediante informe xustificativo da avaliación psicopedagóxica do alumnado.

**1.6.1.3. Desenvolvemento de habilidades socio-emocionais e de mellora da aprendizaxe e estudo**

• Impulso e promoción, por parte das titorías en colaboración co DO, de estratexias axeitadas de XEstión emocional e planificación do traballo e tempo de estudo de xeito máis autónomo e eficaz por parte do alumnado.

• Deseño de actividades específicas, por parte das titorías en colaboración co DO, para mello-

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



rar a comprensión, cara a unha lectura eficaz como base fundamental para a aprendizaxe significativa, funcional e contextualizada en todos os niveis educativos da etapa EP.

**1.6.1.4. Orientación académica**

• Planificación de actividades, por parte das titorías en colaboración co DO, para que o alumnado teña coñecemento da organización do noso sistema educativo, así como das súas opcións e posibilidades de estudo a curto e algo máis longo prazo, incidindo especialmente nestes aspectos no 6º nivel de EP.

• Deseño de propostas, por parte das titorías en colaboración co DO, para que o alumnado poida acadar e empregar habilidades, actitudes e procedementos que impulsen o ensinar a pensar e reflexionar, así como tamén a toma de decisións eficaz contribuíndo a mellorar o autoconcepto, autoestima e confianza nas propias posibilidades.

**1.6.1.5. Avaliación do alumnado**

• Información ao alumnado de como e con que criterios vai ser avaliado polo equipo docente.

• Emprego efectivo dos procesos de avaliación continua, global, formativa e integradora, tomando os criterios de avaliación das áreas curriculares como referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das aprendizaxes de cada alumno e as competencias clave.

**1.6.2. Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado**

**1.6.2.1. Relación das titorías co DO**

• Detección e prevención hábitos, actitudes e condutas que repercutan de xeito negativo no proceso de ensino-aprendizaxes do alumando, solicitando de ser necesario o asesoramento e apoio necesario ao DO.

• Coordinación das actividades de orientación e acción titorial a nivel de centro, que afecten ao seu grupo.

• Participación activa no deseño, posta en práctica e revisión tanto do PXAD como do PAT.

**1.6.2.2. Relación das titorías co profesorado de nivel**

• Promoción do traballo en equipo e a coordinación dos ciclos e niveis, así como a canalización das propostas de actuación conxunta a través da CCP.

• Información ao resto do profesorado do grupo-clase, sobre aspectos relevantes que poidan repercutir na mellora das relacións e cohesión grupal ou na mellora da súa aprendizaxe.

• Asesoramento e impulso do intercambio de información nas sesións de avaliación, de maneira formativa e planificada, en referencia a cuestións como: recursos materiais empregados e metodoloxía desenvolvida, dinámica actual do grupo, situación do alumnado que presenta NEE.

**1.6.2.3. Relación das titorías coas familias**

• Promoción unha relación fluída centro-familias tanto a través de entrevistas como co intercambio de información periódico no horario de atención semanal, entre outras canles.

• Información ás familias dos aspectos progresos educativos do alumnado, así como dos posibles atrancos atopados na procura de tratar de mellorar o rendemento e situación escolar.

**1.7. Recursos**

**1.7.1. Recursos humanos**

Para facer efectivo o deseño e desenvolvemento deste plan, no noso CEIP contamos coa relación

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


de profesorado que se reflicte no apartado correspondente á adscrición funcional do profesorado da presente PXA.

### 1.7.2. Recursos materiais

- Marco lexislativo de referencia e protocolos de intervención educativa editados pola Consellería.
- Documentos de centro: PE, concrecións curriculares das etapas de EI e EP, PConv e PXAD.
- Información contida nos expedientes persoais do alumnado.
- Material impreso, interactivo e audiovisual para reforzo das aprendizaxes e habilidades instrumentais básicas.
- Escalas de observación e material estandarizado para realizar avaliación psicopedagóxica.
- Material manipulativo específico para reeducación da linguaxe e/ou outros aspectos da aprendizaxe.
- Programas específicos de adestramento en habilidades sociais, toma de decisións e outros.
- Bibliografía específica sobre NEE ou outros aspectos fundamentais no proceso ensino-aprendizaxe.

## 1.8. Metodoloxía

A metodoloxía desenvolvida para levar á práctica este plan persegue a implicación, participación e responsabilidade compartida por todo o persoal implicado na súa planificación e deseño.

Asemade, a súa posta en marcha basearase no traballo coordinado, coherente, colaborativo, interdisciplinar, asertivo e cordial, fundamentalmente a través de canles como as que seguen:

- Reunións colectivas: dirección, xefa de estudos, xefe do DO, titorías de cada nivel e familias.
- Xuntanzas de ciclo en EI e EP, así como a través da titoría coas familias, ás que o xefe do DO asistirá de maneira rotatoria.
- Xuntanzas de nivel en EI e EP, así como a través da titoría coas familias.
- Reunións durante as sesións trimestrais de avaliación, coordinadas pola persoa titora do grupo e nas participará o equipo docente do mesmo.
- Xuntanzas mensuais do departamento e máis do xefe do DO cos especialistas de PT e AL sempre que resulte necesario.
- Claustro, CCP, reunións de coordinación docente e consello escolar.
- Entrevistas individuais con membros da comunidade educativa, cando sexa preciso.

## 1.9. Temporalización e plans de traballo

Concrétanse neste apartado a planificación de actividades que fará efectiva a consecución dos obxectivos básicos e fins fundamentais, reflectidos neste Plan.

Dita proposta ten un carácter flexible e revisable ao logo do curso, en función das circunstancias e posibles atrancos que poidan xurdir, presentándose agrupadas trimestralmente e especificándose a información que se recolle a continuación.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


| Actividades 1º trimestre | Aspectos que desenvolve | Obxectivos que desenvolve | Axentes de realización |
|---|---|---|---|
| Reunións DO e do xefe DO con AL/PT. | OR | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Asesoramento ás familias na presentación das bolsas e axudas ao alumnado con NEAE. | OR | 2,2, 2,4 | Xefe DO |
| Avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención para o alumnado con NEE. | Apoio proceso E/A | 2.2 | Xefe DO |
| Agrupamento do alumnado de cordo cos criterios establecidos nas concrecións e CCP. | PAT | 2.1, 2.2, 2.3 | Claustro |
| Distribución e asignación de titorías. | PAT | 2.1, 2.2 | Dirección |
| Organización xornada de acollida. | PAT | 2.1, 2.2 | Claustro |
| Organización espazos para a orientación. | PAT | 2.1, 2.2, 2.3 | DO |
| Reunións de ciclo e nivel para coordinar actuacións. | PAT | 2.2, 2.3 | Coordinación, profesorado |
| Información ao alumnado sobre normas de aula e de Organización, Funcionamento e Convivencia no centro. | PAT | 2.2 | Titorías |
| Elección de delegados/as. Reunións. | PAT | 2.2 | Titorías e EDir |
| Adquisición de material e equipamento específico do DO. Confección de ficheiros de seguimento. | Todos | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Revisión da memoria e programación anual do centro. | Todos | 2.1,2.2,2.3,2.4 | EDir |
| Revisión do PXAD colaborando activamente en desenvolvemento. | OR | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Redacción do plan de traballo do DO e o PAT, coordinado co DO IES Agra Orzán. | OR | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Avaliación inicial do alumnado de EI e EP. | PAT | 2.2, 2.3, 2.4 | Titorías e DO |
| Actividades de integración e cohesión grupal, atención prioritaria ao alumnado novo ingreso. | PAT | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Titorías Profesorado |
| Asesoramento no coñecemento da situación dos grupos e apoio e pautas de actuación, de cada un deles en EP. | PAT | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Prevención de dificultades da articulación e linguaxe oral en EI e 1º ciclo de Primaria. Uso programas de desenvolvemento da comunicación e integración dos diferentes fonemas durante todo o curso. | Apoio proceso E/A | 2.2, 2.3 | Profesorado AL, xefe DO e titorías |
| Reunións colectivas coas familias. | PAT | 2.4 | EDir e Titorías |
| Programa de actividades que fagan especial énfase na adquisición do hábito lector e na mellora da compresión e eficacia neste sentido durante todo o curso. | PAT | 2.2, 2.3 | Titorías e profesorado |
| Organización dos apoios e programas de traballo a desenvolver co alumnado con NEE. | Apoio proceso E/A | 2.2 | DO |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



| Actividades 1º trimestre | Aspectos que desenvolve | Obxectivos que desenvolve | Axentes de realización |
|---|---|---|---|
| Organización da coordinación e dos programas desenvolvemento individualizado, actuacións e traballo a desenvolver co alumnado NEE en escolarización combinada ASPANAES, durante todo o curso. | Apoio proceso E/A | 2.2, 2.3 | Xefe DO AL/ PT e titorías, ASPANAES |
| Avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención para o alumnado con NEE, durante todo o curso. | Apoio proceso E/A | 2.2 | Xefe DO. |
| Reunións do profesorado para coordinar tarefas (nivel/comisións). Calendario. | PAT, apoio E/A | 2.2, 2.3 | XEst, profesorado |
| Decisións sobre medidas organizativas favorecedoras atención diversidade. | Apoio proceso E/A | 2.2 | Claustro |
| Actividades complementarias e saídas ao longo dos 3 trimestres, reforzando o currículo do ciclo . | PAT, apoio E/A | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Titorías |
| Apoio ao alumnado que presenta NEE, durante todo o curso. | Apoio E/A | 2.2, 2.3 | PT, AL e Xefe DO |
| Actividades EAR (ensino alternativo a relixión). | PAT | 2.2 | XEst, profesorado |
| Sesións de avaliación. | PAT | Todos | XEst, xefe DO, profesorado |
| Contidos transversais. Educación para a saúde: actividades e desenvolvemento de hábitos alimentación axeitada. | PAT | 2.2, 2.3, 2.4 | Profesorado |
| Participación iniciativas de escolas de pais e nais, se se solicita apoio da xefe DO. | OR | 2.4 | Xefe DO |
| Comunicacións periódicas cos servizos sociais e outras entidades que atendan alumnado do centro. | OR | 2,2, 2,4 | Xefe DO |

| Actividades 2º trimestre | Aspectos que desenvolve | Obxectivos que desenvolve | Axentes de realización |
|---|---|---|---|
| Avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención para o alumnado con NEE. | Apoio proceso E/A | 2.2 | Xefe DO. |
| Reunións DO e do xefe DO con AL/PT. | OR | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Valoración dos resultados da 1ª avaliación e medidas de actuación e intervención a seguir . | Todos | 2.2, 2.3 | Profesorado |
| Estudos pertinentes dos grupos/clase nos niveis de EP. | PAT, OR | 2.2, 2.3 | Xefe DO |
| Reunións nivel/comisións, segundo o calendario previamente establecido. | Todos | 2.1, 2.2, 2.3 | Equipos, niveis |
| Reunións, segundo o calendario, da CCP. | Todos | 2.1, 2.2, 2.3 | CCP |
| Apoio ao alumnado que presenta NEE. | Apoio proceso E/A | 2.3, 2.4 | PT, Xefe DO e profesorado |
| Entrevistas con alumnado e familias. | PAT | 2.2, 2.3, 2.4 | Profesorado |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


| Actividades 2º trimestre | Aspectos que desenvolve | Obxectivos que desenvolve | Axentes de realización |
|---|---|---|---|
| 2ª coordinación da intervención e programas desenvolvemento individualizado para alumnado NEE en escolarización combinada ASPANAES. | Apoio proceso E/A | 2.2, 2.3 | Xefe DO, AL e PT e titorías, ASPANAES |
| Hábitos e técnicas de traballo intelectual: ensinar a organizar e XEstionar o tempo de estudo e mellora da eficacia lectora. | PAT | 2.2 | Profesorado |
| Temas transversais: Educación para a paz e a solidariedade. | PAT | 2.2 | Profesorado |
| Comunicacións periódicas cos servizos sociais e outras entidades que atendan alumnado do centro. | OR | 2,2, 2,4 | Xefe DO |

| Actividades 3º trimestre | Aspectos que desenvolve | Obxectivos que desenvolve | Axentes de realización |
|---|---|---|---|
| Avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención para o alumnado con NEE. | Apoio proceso E/A | 2.2 | Xefe DO. |
| Reunións DO e do xefe DO con AL/PT. | OR | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Xefe DO |
| Valoración resultados 2ª avaliación: medidas de actuación e toma decisións consensuada. | Todos | 2.2, 2.3 | Profesorado |
| Tratamento de temas transversais do currículo. | PAT | 2.2 | Profesorado |
| Reunións CCP. | Todos | 2.1, 2.2, 2.3 | CCP |
| 3ª coordinación da intervención e programas desenvolvemento individualizado para alumnado con NEE en escolarización combinada ASPANAES. | Apoio proceso E/A | 2.2, 2.3 | Xefe DO, AL e PT titorías, ASPANAES |
| Orientación ao alumnado de 6º sobre transición á nova etapa da ESO. | OR | 2.2 | Profesorado Xefe DO |
| Técnicas de traballo intelectual: mellora da comprensión e a eficacia lectora. | PAT | 2.2, 2.3 | Profesorado |
| Sesións de avaliación final do alumnado. | Todos | 2.1,2.2,2.3,2.4 | Profesorado |
| Colaborar no proceso realización avaliación individualizada do alumnado do terceiro curso de EP. | Comisión | 2.1, 2.2 | Profesorado |
| Avaliación das medidas de atención a diversidade aplicadas ao longo do trimestre e/ou curso escolar. | Apoio ao proceso E/A | 2.2, 2.3, 2.4 | Xefe DO, XEst, profesorado |
| Asesoramento ás familias na presentación das bolsas e axudas ao alumnado con NEAE. | | 2,2, 2,4 | Xefe DO |
| Avaliación do plan anual do departamento e os Plans de traballo PT e AL. | Todos | Todos | Todos |
| Elaboración da Memoria do Departamento. Reunión coordinación xefe do DO do IES Agra do Orzán. | Todos | Todos | Xefe DO, EDir |

## 2. PLAN DE TRABALLO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

### 2.1. Introdución

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


De acordo co artigo 57 da citada ORDE do 8 de setembro de 2021, a intervención profesional do profesorado especialista en PT débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEAE. Este último tipo de intervención estará sempre supeditada á dispoñibilidade horaria deste profesorado e ao grao de afinidade e compatibilidade poidan ter nas sesións de intervención o alumnado NEE atendido con carácter preferente e o NEAE.

Neste sentido, ao igual que cos profesorado especialista de AL, a intervención do profesorado especialista de PT respectará o acordado nas sesións da CCP do 28 de marzo de 2022 e no claustro do profesorado do 25 de abril de 2022, a saber, o alumnado que presenta NEE debe ser atendido preferentemente polo mesmo especialista de PT e AL (con destino definitivo no centro) co obxecto de que haxa unha continuidade na intervención e conte sempre coa mesma persoa de referencia.

A intervención do profesorado especialista en PT constitúe, de acordo co artigo 9 do DECRETO 229/2011, unha medida extraordinaria de atención á diversidade e aplicarase unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

No actual curso escolar funcionan tres unidades de PT, que se coordinarán co resto das unidades do centro a través da xefatura do DO. Nas unidades de PT son atendidos a tempo parcial, alumnado de entre os 3 e 12 anos, con NEAE dende os inicios do curso.

Nestas unidades levaranse a cabo programas de desenvolvemento individualizado con cada un deste alumnado, en sesións de apoio específico que será realizado fora ou dentro da aula ordinaria dependendo das necesidades do alumnado.

Ao longo do 1° trimestre, realizarase por parte do xefe do DO o seguimento do alumnado que reciban a atención individualizada, incorporando os novos alumnos que xa a estaban a recibir noutros centros e aqueles outros, que unha vez diagnosticados, se considere necesario atender. Tamén se fará unha avaliación inicial no mes de outubro para coñecer o punto de partida de cada alumno e detectar posibles necesidades.

**2.2. Obxectivos xerais**

- Levar a cabo unha boa e eficaz coordinación cos mestres titores do alumnado con NEAE.
- Realizar contactos periódicos, se fora posible, cos profesionais que atenden ao alumnado (médicos, logopedas, psicólogos, asistentes sociais, etc), para levar un seguimento o máis completo posible da evolución do alumnado.
- Lograr o máis posible a súa integración plena, aceptando as súas características individuais.
- Coordinarse coas familias do alumnado para un mellor coñecemento dos mesmos e levar a cabo actuacións coordinadas entre pais e profesores.
- Ofrecerlles un ambiente de seguridade e confianza ao alumnado, favorecendo a solidariedade, a socialización, o coñecemento e a aceptación de cada alumno como un máis do grupo.

**2.3. Obxectivos específicos**

- Tentar conseguir unha lectoescritura o máis fluída e comprensible posible.
- Acadar un nivel axeitado de comprensión lectora.
- Ter unha boa comunicación e expresión oral e comprensiva con capacidade de interpretación e seguimento de instrucións e ordes.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


- Chegar a un mellor dominio do cálculo matemático.
- Ser capaces de resolver problemas doados da vida cotiá.
- Conseguir interpretar correctamente os estímulos visuais espaciais e gráficos.
- Fomentar a autonomía para unha correcta adaptación á aula ordinaria e ao centro.
- Interpretar adecuadamente as diversas posicións dos obxectos no espazo en relación a si mesmo e aos demais.
- Discriminar os conceptos básicos temporais.
- Percibir e utilizar o seu propio corpo.
- Favorecer a socialización e integración no grupo e eliminar posibles problemas de conduta.
- Conseguir que se entendan as estruturas lingüísticas básicas e ampliar o seu vocabulario...
- Formación de condutas e hábitos sociais axeitados que favorezan as relacións sociais.
- Introducir o manexo das TIC: PC, tableta, etc.

**2.4. Alumnado que recibe apoio**

As unidades de PT coordinaranse co resto das unidades do centro a través do DO. O alumnado con dificultades no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe son apoiados a tempo parcial, fóra ou dentro da aula, segundo a petición previa formulada pola titoría ao xefe do DO.

Ao longo do curso, realizaranse as incorporacións necesarias, en función das necesidades que se detecten. Realizaremos o seguimento do programa de desenvolvemento individual aplicado e as valoracións individualizadas dos progresos acadados polo alumnado. No caso de verse superadas as dificultades, integraranse na aula ordinaria, en calquera momento do curso.

As características que presentan a maioría do alumnado con NEAE escolarizado no noso centro son:

- Dificultades específicas de aprendizaxe relacionadas con problemas nas técnicas instrumentais básicas (problemas de exactitude lectora, falta de comprensión lectora, dificultades no razoamento matemático, etc.).
- Falta de habilidades sociais que afectan negativamente ás relacións sociais.
- Carencia de hábitos de traballo escolar e desmotivación cara a aprendizaxe.
- Gran diversidade cultural.
- Necesidade de adquirir intelixencia emocional e aplicala a todas as situacións da vida.

**2.5. Metodoloxía**

A metodoloxía empregada co noso alumnado será en todo momento respectuosa co desenvolvemento propio de cada un/nha. As actividades que empregaremos son de diversa índole (diferentes graos de dificultade, distintas formas de execución e de comunicación, individuais, grupais, co ordenador…).

Promoveremos as aprendizaxes significativas nasque o alumnado transfira as aprendizaxes a outras situacións da súa vida cotiá e que sexan capaces de xeneralizar. As aprendizaxes serán globalizadas procurando unha metodoloxía lúdica, da forma máis motivadora posible.

A continuación recollemos as principais características que definen a nosa metodoloxía de traballo:

- Aberta en todo momento, para permitir a integración de novas aprendizaxes baseados nos intereses do alumnado.
- Flexible, de forma que se adecúe as distintas realidades.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


- Participativa, todo ao alumnado opinará sobre o desenvolvemento das distintas actividades.
- Individualizada e significativa: axustada aos intereses e expectativas de cada alumno/a. Partiremos do nivel de desenvolvemento e coñecementos previos de cada un, para así establecer a liña de actuación e seleccionar as actividades máis axeitadas segundo o seu nivel.
- Funcional: as aprendizaxes estaren relacionados con situacións da vida cotiá.
- Interdisciplinar: débese partir das realidades significativas e dos centros de interese, para que os contidos das distintas áreas se traballen interrelacionados.
- Proporcionaráselles un ambiente rico en estímulos, acolledor e seguro, que permita e contribúa ao pleno desenvolvemento das súas capacidades.

Ademais, hai unha serie de aspectos moi importantes e significativos que debemos ter en conta á hora de traballar co noso alumnado:

- Dar instrucións sinxelas, empregando un vocabulario axeitado.
- Coñecer a modalidade sensorial preferente.
- Propiciar un ambiente educativo ben estruturado, eliminando distraccións.
- Facer unha adaptación de obxectivos e contidos, para que aprendan de forma gradual.
- Utilizar os centros de interese e preferencias ao propoñer as actividades.
- Traballar sistematicamente actividades de reforzo para potenciar a planificación e memoria, e darlles máis tempo para a resolución de problemas e actividades.
- Intercalar actividades lúdicas coas que requiran máis esforzo e concentración.
- Establecer e potenciar normas sociais para un ambiente normalizado e evitar condutas disruptivas.
- Traballar de forma coordinada co resto do profesorado.
- Crearemos un clima de respecto e afectividade, esixindo segundo as súas capacidades.

**2.6. Materiais**

Ademais dos recursos persoais e organizativos, utilizaremos:

- Libros de texto e cadernos de diferentes editoriais.
- Cadernos de ortografía e vocabulario, fichas de comprensión lectora e redacción.
- Libros de lectura de diferentes niveis e intereses.
- Cadernos de matemáticas, lóxica, resolución de problemas, cálculo…
- Ordenadores, tableta, CD, DVD, e acceso a diferentes recurso en liña, que permitan que o alumnado poña en práctica os contidos teóricos que traballamos na aula, fomentar o manexo das TIC e mellorar a súa competencia nesta área.
- Materiais elaborados polo persoal de PT (orais, escritos, individuais, grupais…) de acordo ás necesidades detectadas en cada momento e situación.

**2.7. Avaliación**

Realizarase unha avaliación inicial en coordinación co orientador, coa titoría e coas familias ao comezo do curso.

A avaliación ao longo do curso escolar será continua, tendo en conta os obxectivos marcados nos informes psicopedagóxicos, nas adaptacións curriculares e nos programas de desenvolvemento individual. Para realizar a avaliación, partirase sempre das capacidades e das limitacións de cada neno/a

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



en particular.
Ao final do curso, elaborarase un informe final que quedará recollido no expediente do alumnado.
Previa petición da familia entregaráselle un informe cando o precise.

## 2.8. PLAN DE TRABALLO DE PT (PT III): ATENCIÓN PREFERENTE

### 2.8.1. Xustificación

A atención do alumnado con NEAE nos centros de escolarización preferente contemplados na disposición adicional quinta do citado DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na LOE (DOG n. 29 do 11 de febreiro), debe efectuarse con profesorado con destino definitivo. Sen prexuízo do anterior, a escolarización do alumnado de atención preferente en centros ordinarios que, por non ser de escolarización preferente, non van contar con recursos humanos permanentes, aconsella unha certa permanencia do mestre ou mestra co alumnado de ser posible durante unha etapa educativa, evitando un cambio de docente cada curso académico.
Este curso o colexio conta cun mestre da especialidade de PT de apoio á escolarización de alumnado de atención preferente (RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2022). Recibirá apoio individualizado deste mestre o alumnado en modalidade de escolarización combinada, naquelas xornadas lectivas de asistencia ao noso centro.

### 2.8.2. OBXECTIVOS XERAIS

- Priorizar o desenvolvemento dos aspectos comunicativos, xa sexan verbais ou non verbais, en coordinación coa intervención específica das mestras de AL.
- Axudar no proceso de socialización do alumnado e traballar especificamente competencias de tipo social.
- Promover aprendizaxes funcionais de cara a conseguir a maior autonomía posible.
- Facilitar aos alumnos as ferramentas e os apoios necesarios para atender ás necesidades que presentan nas capacidades relacionadas co autocontrol (función executiva).
- Desenvolver capacidades e aprendizaxes académicos, co emprego dunha metodoloxía axustada ás súas características cognitivas, comunicativas e sociais e a utilización de recursos e material didáctico específico.

### 2.8.3. Planificación da intervención educativa

#### 2.8.3.1. Actuacións co alumnado de atención preferente

- Estruturación do contorno (rutinas, horarios, axendas individualizadas, organización física dos materiais…)
- Establecemento dunha relación positiva e de confianza cos alumnos, mediante o achegamento aos seus intereses crearemos un vínculo que lle ofreza seguridade e confianza.
- Intervención directa de apoio ao alumnado de carácter individualizado.
- Adquisición e elaboración de material didáctico axeitado para as diversas áreas, en coordinación cos titores e especialistas.
- Colaboración coa XEst e o xefe do DO na organización das situacións non estruturadas que poidan resultar complicadas para os alumnos: entradas e saídas, traslados polo colexio, recreos, come-

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


dor...

• Colaboración coas titoras na intervención co grupo de iguais proporcionando pautas de relación, modelando a interacción, explicando as súas potencialidades.

**2.8.3.2. Actuacións cos equipos docentes e persoal auxiliar coidador (PAC)**

• Lectura de informes e revisión de expedientes do alumnado.

• Elaboración dos horarios de apoio de PT en coordinación cos titores e especialistas, seguindo directrices da XEst e da xefatura do DO.

• Asignación dos espazos para o apoio dentro e fóra da aula de referencia, en coordinación coas titoras e co visto e prace da XEst e do DO.

• Colaboración coas titorías e especialistas na avaliación inicial do alumnado, no axuste das programacións de aula e na actualización, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares.

• Establecemento de pautas comúns entre o equipo docente, acordos metodolóxicos, de normas e control de conduta.

• Coordinación coas titorías e especialistas para elaborar materiais e actividades de ensino-aprendizaxe axustadas ás características do alumnado.

• Estreita coordinación co persoal especialista de AL, propoñendo o desenvolvemento das habilidades de comunicación como obxectivo esencial da educación destes alumnos.

• Coordinación coa PAC.

• Participación nos equipos de dinamización que correspondan, realizando achegas que favorezan a participación do alumnado con NEAE.

• Participación en actividades formativas relacionadas coa atención á diversidade.

**2.8.3.3. Actuacións dende o DO**

• Colaboración co resto do DO na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con NEAE.

• Elaboración do plan de intervención específico individual, considerando as programacións de aula, as adaptacións curriculares e os programas individualizados do centro onde se desenvolve a escolarización combinada.

**2.8.3.4. Actuacións coas familias e os servizos externos**

• Colaboración coas titorías no proceso de información e comunicación ás familias do alumnado en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos.

• Coordinación cos profesionais do centro onde se desenvolve a escolarización combinada.

**2.8.4. Características e áreas de intervención**

Partiremos dun enfoque de intervención funcional e globalizado. A intervención co alumnado require dun currículo adaptado ás necesidades de cada alumno, ás súas potencialidades, ao seu ritmo e estilo de aprendizaxe. Seguiranse as AC aprobadas pola Inspección Educativa, priorizando os contidos referentes a aspectos comunicativos e as competencias de tipo social.

**2.8.5. Metodoloxía**

• Ambiente altamente estruturado e predicible.

• Emprego de claves visuais.

• Aprendizaxe sen erro.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


- Encadeamento cara atrás.
- Moldeamento.
- Premack.
- Espera estruturada.
- Ensinanza explícita de contidos relacionados coas nee.
- Emprego de reforzos.
- Estilo directivo acompañado dunha vinculación afectiva positiva co alumno.
- Emprego de contextos naturais de aprendizaxe (funcionalidade e xeneralización).
- Linguaxe claro, conciso e directo.
- Emprego de TIC.

**2.8.6. Recursos**

**2.8.6.1. Recursos organizativos**

Dende a XEst terase en conta para a elaboración do horario do grupo os días de asistencia do alumnado en escolarización combinada ao noso centro, de xeito que o alumnado podan participar nas áreas impartidas por mestres especialistas. Así mesmo, dende as titorías considerarase esta circunstancia para a distribución horaria das materias e a programación de aula.

O apoio específico de PT será realizado dentro ou fora da aula ordinaria en función das necesidades do alumnado e baixo directrices da XEst e do xefe do DO.

**2.8.6.2. Recursos persoais**

Contarase como recursos persoais cos titores, mestres especialistas, orientador, especialistas de apoio de AL, PT e PAC. Fóra do centro, tamén se contará co labor do persoal do centro específico e outros servizos externos, así como coa familia do alumnado.

A través das respectivas titorías e/ou do xefe do DO estarase en contacto coas familias e persoal do centro específico.

**2.8.6.3. Recursos materiais**

Empregaranse diferentes recursos materiais en función das necesidades do alumnado en cada momento. A nivel xeral destacan os seguintes:

- Material específico de apoio á comunicación.
- Material de anticipación e organización sobre os feitos da xornada escolar.
- Material de apoio á autonomía no centro e noutros contextos.
- Material didáctico de referencia coas adaptacións necesarias.
- Material editorial de específico para o alumnado.
- Material de traballo de elaboración propia para o alumnado.
- Recursos tecnolóxicos.

## 3. PLAN DE TRABALLO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

### 3.1. Introdución

Cómpre salientar neste apartado tamén o expresado no artigo 57 da citada ORDE do 8 de setembro de 2021, con respecto neste caso a intervención profesional do profesorado especialista en AL, é dicir, que esta débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEAE. Este úl-

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


timo tipo de intervención estará sempre supeditada á dispoñibilidade horaria deste profesorado e ao grao de afinidade e compatibilidade poidan ter nas sesións de intervención o alumnado NEE atendido con carácter preferente e o NEAE.

Neste sentido, ao igual que cos profesorado especialista de PT, a intervención do profesorado especialista de AL respectará o acordado nas sesións da CCP do 28 de marzo de 2022 e no claustro do profesorado do 25 de abril de 2022, a saber, o alumnado que presenta NEE debe ser atendido preferentemente polo mesmo especialista de PT e AL (con destino definitivo no centro) co obxecto de que haxa unha continuidade na intervención e conte sempre coa mesma persoa de referencia.

A intervención do profesorado especialista en AL constitúe, de acordo co artigo 9 do DECRETO 229/2011, unha medida extraordinaria de atención á diversidade e aplicarase unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Este curso, o centro conta, por primeira vez, con dúas unidades de AL a tempo completo, unha definitiva e outra provisional. Ditas unidades coordinaranse co resto das unidades do centro e co EDir a través da xefatura do DO. Derivado do anterior parágrafo, establécese como **criterio** que, sempre que sexa posible, a mestra definitiva se faga cargo do alumado máis grave.

A pesar de contar con dúas mestras especialistas en AL, o número de necesidades existentes no centro é tan elevado que non se poderá atender a todo o alumado que o precisa. Continúase cun número insuficiente de sesións para intervir en todos os casos necesarios. As listas de discentes destas mestras estableceranse en función dos criterios que se foron sinalando nos anteriores parágrafos. No caso da intervención do profesorado especialista en AL, eses **criterios** de prioridade na atención educativa requiren unha maior concreción. Por iso, atenderase ao alumnado na seguinte orde:

1. Alumnado que presenta NEE. Trataranse todas aquelas alteracións da linguaxe asociadas a outros trastornos primarios de maior gravidade, dos cales son froito. Destas casuísticas destacan:
    - Discapacidade auditiva.
    - Discapacidade visual.
    - Discapacidade intelectual, síndrome de Down...
    - Trastornos graves de:
        - Conduta.
        - Comunicación.
        - Linguaxe.
    - Trastornos no neurodesenvolvemento (TEA, por exemplo).
    - Alteracións motóricas (parálise cerebral, espiña bífida, miopatías...).
2. Resto de alumnado que presenta NEAE, entre as que se atopan, por esta orde:
    - 2.1. Atraso grave da linguaxe: afasia.
    - 2.2. Atraso moderado da linguaxe: disfasia, TEL (trastorno específico da linguaxe).
    - 2.3. Dislexia.
    - 2.4. Outras alteracións graves e moderadas da linguaxe oral. Dentro delas entrarían os seguintes trastornos:
        - Alteracións da fluidez verbal, e principalmente a disfemia (tartamudez).
        - Alteracións da articulación: disglosias e disartrias de maior dificultade na reeducación (la-

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



bio leporino, lingua bífida, fendas palatinas...).

- Alteracións da voz (disfonías e afonías).

2.5. Alteracións máis leves da linguaxe oral:

- Alteracións da articulación: disartrias e disglosias de mellor prognóstico (frenillos labiais e linguais, padal oxival...).
- Atraso simple da linguaxe.
- Dislalias múltiples con afectación negativa no rendemento académico,

2.6. Alteracións da linguaxe escrita. Dentro deste apartado englóbanse tódalas posibles alteracións da lectoescritura (disgrafías, disortografías...) que non estean asociadas a un trastorno primario grave, nin a un trastorno da linguaxe grave ou moderado. Non se inclúen a aquel alumnado cuxos erros se deban a un atraso na aprendizaxe ou que aínda estean iniciando a lectoescritura. Daráselle prioridade a aquel alumnado que presente erros de tipo disléxico (confusión de fonemas, escritura en espello, alteracións da lateralidade...), sen presentar ningún outro tipo de alteración, por sospeita da existencia dunha posible dislexia aínda non diagnosticada.

2.7. Dislalias múltiples sen afectación negativa no rendemento académico e dislalias funcionais. Este último refírese, principalmente, as dislalias funcionais simples (alteración da articulación dun só fonema que non se debe a alteracións centrais nin periféricas) e que non serán tratadas antes de que o/a neno/a acade a madurez e desenvolvemento da linguaxe oral necesarios, o que adoita ocorrer, por norma xeral, aos 6 anos de idade. Se se presentan antes desta idade consideraranse dislalias funcionais, propias do desenvolvemento normal da linguaxe, polo que non se intervirán. A partir dos 6 anos intervirase por ser a idade ideal para tratalas, pois máis tarde a reeducación será máis complexa e terá un peor prognóstico.

2.8. Outras dificultades. En caso de contar con dispoñibilidade horaria, coma membros do claustro, e seguindo o establecido no centro para o resto do profesorado, atenderanse en AL outras dificultades relacionadas coa Área da Linguaxe. Entre elas:

- Dificultades de idioma, por descoñecemento das dúas linguas oficias da comunidade (castelán e galego).
- Atención a alumnado con AC nas áreas de Lingua Castelá e Galega.
- Dificultades na iniciación á lectoescritura, sen que sexan causa de ningún dos trastornos referidos nos apartados anteriores.
- Reforzos educativos (e outras dificultades de aprendizaxe non mencionadas) nas áreas de Lingua Castelá e Galega.

O alumnado de AL será apoiado a tempo parcial, dentro ou fóra da aula segundo as súas necesidades, seguindo sempre as directrices do xefe do DO, despois de realizarlles o informe psicopedagóxico correspondente.

Colaborarase co xefe do DO para realizar valoracións do alumnado co fin de pautar unha posible intervención específica. Aplicarase un programa de desenvolvemento o mais individualizado posible, atendendo as dificultades específicas do alumnado. Unha vez superadas ditas dificultades, integraranse na aula ordinaria en calquera momento do curso.

Realizaranse valoracións da linguaxe con intervencións e seguimento do alumnado dado de alta,

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


que foi apoiado e acadou os obxectivos mínimos demandados segundo o nivel curricular de escolarización.

**3.2. Obxectivo xeral**

O obxectivo xeral das unidades de AL será o apoio especializado ao alumnado con dificultades na comunicación oral, comunicación escrita e en xeral na área da linguaxe, tanto na educación infantil, como na educación primaria. Tendo como obxectivo educativo acadar o máximo desenvolvemento persoal e social posible que lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades.

**3.3. Intervención educativa**

Fundamentaremos o traballo a desenvolver en cinco campos ben diferenciados e moi relacionados.

**3.3.1. O alumnado.**

Tentaranse acadar os seguintes obxectivos:

- Valorar as necesidades educativas especias para ser avaliadas psicopedagoxicamente polo orientador do centro.
- Realizar as intervencións directas de apoio ao alumnado con especiais dificultades.
- Favorecer no alumnado o coñecemento e aceptación de si mesmo e aumentar a autoestima se está diminuída por algún tipo de fracaso escolar.
- Elaborar ou buscar material didáctico axeitado para o proceso e ensino-aprendizaxe do alumnado con NEAE e, se ser o caso, resto de NEAE.

**3.3.2. Titorías**

- Debe darse na atención ao alumnado a necesaria coordinación que obriga a formularse os obxectivos seguintes:
- Establecer relacións de coordinación para elaborar materiais e actividades axeitadas.
- Colaborar na elaboración das AC.
- Proporcionar orientación para prever dificultades na área da Linguaxe.
- Colaborar na práctica e aprendizaxe das normas de seguridade e hixiene cos seus alumnos para favorecer o seu afianzamento e xeneralización.
- Adaptar ditas normas ao sistema de comunicación preciso naqueles casos nos que as características persoais do alumno/a así o requiran.

**3.3.3. Xefe do DO**

- Colaborar na elaboración, desenvolvemento e avaliación de programas específicos de intervención.
- Participar no deseño de accións relacionadas coa atención temperá, coa prevención de problemas de aprendizaxe ou desenvolvemento.

**3.3.4. Departamento de orientación (DO)**

- Cooperar no deseño, desenvolvemento e avaliación dos programas de intervención.
- Participar no deseño de actuacións do departamento dentro do seu ámbito competencial.

**3.3.5. Familias**

- Orientar á familia ofrecéndolle pautas de actuación.
- Colaborar cos titores no proceso de información e comunicación coas familias do alumnado con

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


especiais dificultades nas diversas áreas do currículo.

**3.3.6. Características da intervención**

A intervención das mestras da AL terá as seguintes características:

1. Integrada no marco da proposta curricular.
2. Globalizada, contemplando as diversidades da personalidade do alumno.
3. Continua durante o tempo necesario.
4. Individualizada.

**3.3.7. Áreas da intervención**

As principais problemáticas detectadas no centro son: trastornos permanentes graves, problemas na comunicación, alteracións articulatorias (dislalias), lentitude no desenvolvemento verbal, atrasos da linguaxe, dificultades no proceso lectoescritor, trastornos no proceso da lectoescritura (dislexias e disgrafías), así como alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento das linguas vehiculares.

As necesidades educativas abarcan as seguintes áreas do desenvolvemento:

- Áreas perceptivas
  - Percepción visual.
  - Percepción auditiva.
  - Percepción táctil.
  - Percepción espazo xeral.
  - Percepción espacial gráfica.
- Áreas verbais
  - Comprensión verbal.
  - Razoamento verbal.
  - Lectura.
  - Ortofonía e logopedia.
  - Fluidez verbal.
  - Vocabulario.
  - Expresión oral.
  - Escritura.
- Áreas afectivas
  - Emocional.
  - Afectiva.
  - Sociais.

No desenvolvemento destas áreas traballaremos os seguintes aspectos da linguaxe:

- As funcións da linguaxe e fluidez verbal.
- Respiración e sopro.
- Praxias bucofaciais.
- Articulación.
- Voz.
- Morfosintaxe.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



- Léxico.

No campo das habilidades auditivas incidirase na discriminación sons, fonemas, integración de fonemas e memoria auditiva.

**3.4. Metodoloxía**

A metodoloxía empregada atenderá as condicións e características de cada alumno/a. En todo caso, seguirase sempre a normativa vixente.

Empregaranse métodos intuitivos a partir da realidade vivida polo neno, métodos polisensoriais, e activos, cunha ensinanza globalizada cunha visión conxunta e relacionante.

A atención será tanto individualizada coma en pequeno grupo, dependendo das necesidades de cada discente.

**3.5. Actividades recomendadas**

- Educación do movemento e polo movemento.
- Estimulación sensorio-motriz dos órganos de articular,
- Educación auditiva.
- Educación visual.
- Educación da atención.
- Exercicios de hixiene respiratoria.
- O conto.
- Xogos verbais.

**3.6. Recursos**

**3.6.1. Materiais**

Empregaranse primordialmente os seguintes materiais: láminas, debuxos, fichas, bibliografía, espello, instrumentos musicais, medios audiovisuais, xoguetes, todo tipo de material manipulativo e xogos didácticos de ordenador.

**3.6.2. Persoais**

Nos recursos persoais traballarase coordinadamente a mestra orientadora e as mestras de AL coa titoría que estarán en contacto coas familias para conformar un equipo de apoio ao alumnado en todo o seu proceso de ensino/aprendizaxe.

**3.7. Avaliación**

Realizarase unha avaliación inicial en contacto co xefe do DO, a titoría e as familias que reforzarán dita avaliación. A avaliación terá carácter continuo. Valorarase ao alumno en función das súas capacidades e características.

O alumnado poderá ser dado de alta ou baixa en calquera momento do curso atendendo aos resultados acadados na valoración practicada.

Asinado:

| Ramón B. París Lago (Orientador) | Mª De La O Fernández Iglesias (PT1) | Mª José Camino Marta (PT2) |
|---|---|---|

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



Ciro Salgado Rodríguez (PT3) Mª Carmen García Vila (AL1) Patricia Ares de La Iglesias (AL2)

## 8.10. Plan de traballo de Voz Natura

### 1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Este curso 2023-2024 o CEIP Raquel Camacho participa na XXVII edición do programa Voz Natura de La Voz de Galicia co proxecto "O NOSO HORTO URBANO: Respecto ao medio ambiente co consumo responsable e co coidado das especies que nel habitan". Imos seguir traballando de xeito comprometido e entusiasta pola creación e o coidado de espazos verdes no colexio, experimentaremos coa plantación e coidado Do noso pequeno horto urbano e trataremos de promover un sentimento de respecto e coidado pola natureza.

Con este proxecto daremos continuación ao traballo realizado en edicións anteriores e renovaremos o noso compromiso cun modelo educativo de escola verde, promotora de hábitos de vida activa, saudable e sostible no alumnado e resto da comunidade educativa.

### 2. OBXECTIVOS

Os obxectivos para este curso, distribuidos en tres eixes de traballo, son:

| | OBXECTIVOS |
|---|---|
| **Tarefas de horto e xardín** | 1. Seguir cos coidados das zonas verdes creadas no noso centro ao longo de cursos anteriores (plantas de interior, xardín, bancos de cultivo…)<br>2. Seguir co estudo dos produtos mellores para plantar: as súas características, calendario de plantación e recolleita.<br>3. Limpar e recuperar a zona verde na dianteira do edificio. |
| **Aulas verdes. Compromiso reducir, reutilizar e reciclar** | 4. Fomentar o coidado do medio ambiente facendo especial fincapé no uso abusivo que a sociedade fai dos envases, promovendo a diminución de residuos (plásticos, latas, papeis...) mediante o emprego de alternativas no colexio (botellas de metal, bolsas de tea, merendas sen envase...)<br>5. Promover no alumnado hábitos de alimentación e consumo respectuosos coa contorna.<br>6. Divulgar información sobre a separación correcta dos residuos segundo tipoloxías e o emprego dos contedores axeitados, continuando coa recollida selectiva dos diferentes materiais de refugallo no colexio.<br>7. Experimentar co aproveitamento creativo de materiais de refugallo (fabricación de novos produtos, procura de novos usos, creación artística...)<br>8. Experimentar coa fabricación do noso propio compost. |
| **Cultura ambiental** | 9. Fomentar o espírito crítico e incitar actuacións responsables no coidado e mellora da contorna e no uso razoable e sostible dos recursos naturais.<br>10. Actualizar e divulgar entre o alumnado o fondo bibliográfico da biblioteca escolar relacionado co medio ambiente e a sostibilidade.<br>11. Continuar coas entradas do Rakonto Verde no blogue da biblioteca e |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



na web do cole.

12. Promover o uso das tecnoloxías da información e comunicación tanto como medios de acceso a coñecemento, como de creación colaborativa e difusión do traballo realizado (Web do centro, blogue da biblioteca escolar, redes sociais do colexio...)
13. Basear a realización de todas as actividades nos valores de diversidade, tolerancia, respecto, solidariedade e colaboración.

## 3. EQUIPO VOZ NATURA

Camino Marta, Mª José (especialista de PT)
Salgado Rodríguez, Ciro (especialista de PT)
Candal Otero, Alejandra (titora de 1ºB EP)
Míguez Areosa, Mª Jesús (titora de 2ºB EP
Recarey Pérez, Leticia (titora de 6ºC EP)
Mosteiro Neira, Rosa Mª (Directora)
Payo Soengas, Pilar (titora de 6ºB de E. Infantil) COORDINADORA

## 4. PLAN DE ACTIVIDADES

**1º Trimestre**

- Planificación de actividades e presentación do proxecto á comunidade educativa.
- Organización da separación do lixo nas aulas.
- Organización das quendas de rega das plantas dos corredores.
- Formación de equipos de traballo con alumnado voluntario.
- Adquisición de material.
- Limpeza dos bancos de cultivo. Planificación das novas plantacións.
- Limpeza e arranxos na zona cuadrangular anexa á entrada principal.
- Publicación de entradas do Rakonto Verde no blogue da biblioteca.
- Colaboración nas actividades de Samaín e Magosto co EACE.
- Primeiras plantacións.
- Traballos con material de refugallo para o tempo de Nadal.
- Colaboración co equipo de Dinamización Lingüística na publicación trimestral do Viveiro.

**2º Trimestre**

- Mantemento dos bancos de cultivo.
- Mantemento das zonas de xardín.
- Propostas para a celebración do Día Escolar da Paz.
- Traballos de poda.
- Recollida de restos orgánicos para compostaxe.
- Preparación de sementeiras.
- Colaboración co equipo de Dinamización Lingüística na publicación trimestral do Viveiro.

**3º Trimestre**

- Plantacións de primavera.
- Tarefas de limpeza e rega dos bancos de cultivo.
- Colaboración co equipo de biblioteca na celebración do Día do Libro.
- Actividades de conmemoración do Dia Mundial da Terra.
- Colaboración co equipo de dinamización da Lingua Galega na celebración das Letras Galegas.
- Colleita.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


- Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.
- Colaboración co equipo de Dinamización Lingüística na publicación anual da revista O Noso Viveiro.

**5. PRESUPOSTO**

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre de La Voz de Galicia, outorgounos un financiamento de 400 euros para o curso 2023-2024.

**6. MEMORIA FINAL**

O Equipo Voz Natura elaborará a memoria final do proxecto medioambiental presentado. Esta memoria enviarase en prazo e forma que determine a Fundación. Tamén se incluirá na Memoria de Final de Curso do colexio.

Pilar Payo Soengas

Coordinadora do proxecto Voz Natura

## 8.11 PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

**Introdución**

Durante o presente ano académico, 2023/2024, entra en vigor para todos os niveis de Educación Primaria a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006.
En consecuencia, durante este ano académico implementarase o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito decreto, no seu artigo 35 establece a necesidade de crear un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade de acercar o deporte, o exercicio físico, a alimentación saudable e o benestar integral na vida diaria do alumnado. Promovendo así, un estilo de vida saudable, activo e autónomo.
En definitiva, este plan de actividades físicas e hábitos saudables contempla os apartados especificados no artigo 15 da Orde do 26 de maio de 2022 que desenvolve o Decreto 155/2022, sendo estes a contextualización e punto de partida, a xustificación, os obxectivos, cos seus indicadores de consecución e a avaliación e difusión do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables do CEIP Raquel Camacho durante o curso académico 2023/2024.

**Contextualización**

A saúde integral do alumnado é unha problemática que leva moitos cursos abordándose dende o centro, as titorías, o horario de lecer e as sesión de Educación Física.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


Dende os primeiros cursos da escolarización no centro o alumnado máis pequeno conta cunha hora á semana de Psicomotricidade que completa as diversas rutinas activas propias desta etapa como son os xogos, as cancións e bailes. Ademais, este alumnado de Educación Infantil, e os primeiros cursos de Educación Primaria, gozan de patios dinámicos nos que aprenden xogos novos e inclusivos da man dos nenos e nenas máis maiores do centro.

Dende todas as titorías foméntase a alimentación saudable e equilibrada creando un calendario de merendas que o alumnado pode seguir de maneira autónoma. Preparando eles mesmos as súas merendas, increméntase a súa autoestima, autonomía e responsabilidade.

Dentro do programa de Voz Natura, cada clase conta cun horto escolar onde o alumnado experimenta o cultivo e a orixe dos alimentos e con papeleiras para promover a reciclaxe dos refugallos.

A maiores, as titoras e titores promoven tamén actividades de relaxación despois dos momentos máis dinámicos, como pode ser a volta do recreo.

Por outra banda, o centro conta coa colaboración do proxecto de integración MUSE no que diferentes artistas achegan actividades artísticas dinámicas como é a danza e o teatro.

Finalmente, en ocasións puntuais como pode ser a celebración do magosto, o alumnado de todo o centro participa en xogos tradicionais cooperativos que forman unha xornada completa activa dentro horario escolar.

**Xustificación**

O plan vai dirixido a todo o alumnado do centro dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria. Etapas que abranguen o momento máis esencial no desenvolvemento motor da rapazada, así como para a creación e afianzamento de hábitos e rutinas que poidan manterse ao longo de toda a súa vida.

O mesmo levarase a cabo durante todo o curso escolar, mediante actuacións puntuais no tempo ou no espazo; ou recorrentes, co obxectivo de convertelas nun hábito. Deste xeito o centro e o seu profesorado vela pola promoción da actividade física e a alimentación saudable que garanta un adecuado desenvolvemento do alumnado.

**Obxectivos, indicadores e instrumentos de medida**

Entendendo os obxectivos deste plan como aquelas metas expostas para conducir ao alumnado na consecución dunha vida activa e saudable dende diferentes perspectivas, e os seus indicadores como instrumento de medida para valorar a súa consecución esperada.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


Os principais obxectivos propostos son:

| Obxectivos | Indicadores | Instrumentos |
|---|---|---|
| 1. Crear hábitos que leven a unha alimentación saudable. | O 30% do alumnado trae unha merenda equilibrada para a hora do recreo. | Folla de rexistro a cubrir pola persoa supervisora de merendas da clase. |
| 2. Dar a coñecer aplicacións informáticas que poidan axudar na identificación de produtos saudables. | Empregar aplicacións como *Yuca* ao menos 3 días á semana. | Folla de rexistro a cubrir pola persoa supervisora de merendas da clase. |
| 3. Impulsar a mellora da alimentación durante as celebracións de festividades como os aniversarios. | O 30% do alumnado trae produtos saudables e equilibrados para as celebracións dos aniversarios. | Recollida de datos no diario da persoa titora. |
| 4. Crear descansos activos | O 100% do alumnado do colexio acude as estacións de descansos activos ao menos unha vez ao día. Fóra das sesións de Educación Física, durante 4 dos 5 días da semana. | Folla de rexistro a cubrir polo alumnado seleccionado. |
| 5. Iniciar na concienciación do coidado da saúde mental dun mesmo e das demais persoas que nos rodean. | 50% de satisfacción no benestar escolar do alumnado. | Cuestionario |

**Procedemento de seguimento, avaliación, modificación do plan e difusión**

Co interese de valorar o progreso de todas as actividades de cara á consecución dos obxectivos farase un seguimento mensual dos datos recollidos nas follas de rexistro empregadas. Así como trimestral no caso daqueles datos observados por parte das persoas titoras e rexistrados nos seus diarios de aula. Do mesmo xeito, ao remate de cada avaliación entregarase o cuestionario de satisfacción ao alumnado para valorar o seu benestar escolar durante cada período.

Coas conclusións obtidas nestes instrumentos de seguimento e avaliación poderase facer as modificacións e melloras correspondentes para alcanzar os datos expostos nos indicadores dos obxectivos e poder alcanzalos ao remate do curso escolar.

Finalmente, o plan será difundido a toda a comunidade educativa na pertinente reunión do Claustro, do consello escolar e posteriormente á súa aprobación será publicada a través da páxina oficial do centro.

## 8.12. PLAN DE TRABALLO COORDINADOR BENESTAR EMOCIONAL

### INTRODUCIÓN

O noso centro é un espazo onde aprender a convivir, a asumir as diferenzas, a respectar aos demais e a dialogar; e nel toda a comunidade educativa é imprescindible para construír unha sociedade solidaria, respectuosa e que conviva en harmonía.

Por isto contamos cun Plan de convivencia que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica. Este documento integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, mediación na xestión dos conflitos e actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Dentro de dito plan e seguindo as directrices da ***ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*** elaboramos un plan de traballo incluído no xa citado Plan de Convivencia do centro que xurde dos seguintes aspectos:

- A necesidade de abordar de maneira integral o benestar emocional no ámbito educativo tanto do alumnado como do resto da comunidade educativa.

- A importancia de adquirir habilidades sociais, sensibilizar e formar á comunidade educativa na resolución pacífica de conflitos e no bo trato.

- Necesidade de establecer un referente que apoie a labor do profesorado.

### 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso centro está situado no barrio do "Agra do Orzán" da cidade da Coruña, un barrio cunha gran diversidade cultural e cuxas familias son de clase media baixa cunha alta porcentaxe de paro e un incremento progresivo de poboación inmigrante. Isto loxicamente afecta ao noso centro que conta cunha gran diversidade de alumnado con culturas de todo tipo. Polo tanto a nosa función coma mestres/as será levar a cabo unha educación integradora, tendo en conta a diversidade cultural e

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



unha educación para a convivencia pacífica de toda a comunidade educativa, na que participe a sua totalidade. A implicación tanto da comunidade educativa como dos organismos colaboradores (servizos sociais, ONGS, UAMI...) é crucial para acadar todos os obxectivos relacionados coa convivencia e o benestar, e por iso levaremos a cabo actuacións encamiñadas a promover o crecemento integral do alumnado a través da previsión e creación de actividades e a resolución pacifica de conflitos dende o diálogo, como por exemplo o programa Mus-e que dende uns anos se leva a cabo.

## 3. OBXECTIVOS.

O plan de traballo consta dos seguintes obxectivos cos seus indicadores correspondentes:

| OBXECTIVO | INDICADOR |
|---|---|
| 1. Actualizar e difundir o plan de convivencia e acollida entre a comunidade educativa. | - Plan de Convivencia e Plan de Acollida actualizados e publicados na páxina web do centro. |
| 2. Ofertar, dentro da FPP actividades formativas relacionadas coa mellora da convivencia. | - Cursos e seminarios realizados no centro. (50% de participación do profesorado).<br>- Participouse no Plan Director (100% do profesorado e 100% do alumnado de 5º e 6º de EP.) |
| 3. Informar á comunidade educativa do diferentes protocolo vixentes. | - Elaborouse un CANVA informativo cos distintos protocolos da Consellería de Educación. |
| 4. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado. | - 50% de satisfación (caixa de suxestión do centro, enquisas ao alumnado e profesorado). |
| 5. Promover a participación das familias no labor formativo relacionado coa convivencia e o benestar do alumnado. | - Charlas de diferentes organismos sobre temáticas relacionadas coa convivencia (ciberacoso, uso responsable de ferramentas dixitais, etc). (55% de participación). |

## 4. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

A implantación deste plan de traballo será durante o curso 2023-2024 e revisarase periodicamente valorando as actuacións levadas a cabo e analizando as incidencias que poidan xurdir. Avaliarase este plan de traballo tendo en conta a relación co contorno social, familiar e escolar dende un enfoque organizativo verificando o grao de cumprimento das actividades propostas e un enfoque competencial, comprobando a adquisición e mellora das competencias relacionadas coa resolución de conflitos.

Sempre que sexa necesario, modificarase o plan de traballo e reflectirase na realización das memorias nas que se engadiran indicadores e obxectivos ao final do curso escolar.

A difusión do Plan de traballo farase principalmente a través do Claustro e do Consello Escolar do

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


centro. De forma paralela colgarase todo na páxina web do centro xa que é a nosa canle principal de comunicación coa comunidade educativa.

# 9. ACCIÓN TITORIAL

## 9.1. Funcións

As establecidas no DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

## 9.2. Reunións colectivas de principio de curso coas nais, pais ou titores legais do alumnado

As reunións de principios de curso leváronse a cabo tal e como estaban programadas segundo o segundo o cadro que se mostra a continuación.

| CURSO | DATA | HORA |
|---|---|---|
| 4º de Ed. Infantil (3 anos) | 5 setembro | 16:00 |
| 5º de Ed. Infantil (4 anos) | 5 setembro | 17:00 |
| 6º de Ed. Infantil (5 anos) | 5 setembro | 18:00 |
| 1º de Ed. Primaria | 6 setembro | 16:00 |
| 2º de Ed. Primaria | 6 setembro | 17:00 |
| 3º de Ed. Primaria | 6 setembro | 18:00 |
| 4º de Ed. Primaria | 7 setembro | 16:00 |
| 5º de Ed. Primaria | 7 setembro | 17:00 |
| 6º de Ed. Primaria | 7 setembro | 18:00 |

## 9.3. Puntos a tratar nas reunións coas familias

Son orientativos e deben ser consensuados entre as titoras do mesmo nivel. A finalidade é facilitar unha especie de guión.

Débese facer fincapé na presentación do Programa de acollida do Centro e sobre todo na explicación das Normas de Organización e Funcionamento do centro.

**Organización docente**

- Titores/as, profesor/as doutras áreas ou materias.
- Orientacións educativas e apoio ao alumnado con NEAE.
- Atención Educativa alternativa a relixión.
- Metodoloxía que se utilizará.
- Avaliación, entrega de boletíns informativos.

**Comezo de curso ou ciclo**

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


Exposición clara e sinxela dos obxectivos a conseguir no curso ou ciclo, incidindo no fundamental das materias e sobor de todo nas competencias básicas. Expoñer tamén os obxectivos mínimos exixíbeis para promocionar de ciclo.

**Libros de texto e material do alumnado**

Específico para cada nivel. Programa de gratuidade.

**Hábitos**

Actividades de remate de tarefas para a casa. Deberán facelos os/as alumnos/as.

- Control por parte dos maiores do tempo adicado a consolas e similares, navegación pola rede...
- Solicitar a colaboración das familias, o alumnado non debe traer obxectos perigosos…
- Referencia especial ao estudio persoal do alumnado (según as idades).Importancia dun horario fixo e no mesmo lugar para a realización destas tarefas e a consecución de hábitos de estudo.
- Respectar e facer cumprir o horario de sono.
- Ler máis e ver menos a televisión. Deberían acostumarse a ler un pouco, antes de durmirse.
- Diálogo e potenciación da confianza nas súas posibilidades.
- Orde e limpeza. É importante que a roupa, sobor de todo as chaquetas, teñan unha cinta co seu nome.
- Alimentación. Evitar a bolería industrial, que traian de merenda bocadillos, froita, etc., resulta máis barato e máis san.
- Traer ao colexio o material preciso (material deportivo, debuxo, música). Deben mirar o horario para saber o que precisan e facer que preparen eles/elas as mochilas (con supervisión ao principio). Debemos conseguir que sexan o máis autónomos/as posible.

**Saídas culturais**

- Forman parte da aprendizaxe, veñen a ser un complemento dos libros de texto e polo tanto necesarias.
- O centro irá informando segundo vaian xurdindo enviando autorización e prezo, caso de non seren gratuítas.
- O transporte escolar. Será utilizado cando sexa preciso nas visitas escolares programadas.
- A autorización da nai, pai ou titor legal e a cantidade establecida será imprescindible.

**Normas**

<u>A nivel de centro</u>

- Está prohibido o acceso aos corredores e aulas durante o horario lectivo agás para a realización de trámites administrativos ou que sexan requeridos.
- Puntualidade. Deben de procurar que sexan puntuais e se algún neno/a ten que chegar tarde,

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


traerá un xustificante por escrito; o mesmo que cando falta algún día á clase.Se un alumno/a ten que saír antes do colexio, teñen que vir a buscalo.

- Prégase respectar os horarios de entrada e saída.
- O alumnado que non chegue a súa hora non poderá acceder ao centro ata as 9:30 que se abrirá o portal de administración.
- Tampouco está permitido o uso de móbiles. O profesorado, se se dá o caso pode requisalos e serán entregados en dirección para seren recollidos polos pais/nais.

A nivel de aula

- Informarase a través da páxina web e Abalarmóbil da organización xeral do centro, o calendario escolar e outra información de interese.
- Non está permitido traer balóns ao colexio nin outros materiais ou xoguetes.

Ten as súas propias normas internas e traballase para que se cumpran.

Na casa

Tamén deben ter unhas normas claras e que se cumpran.

Horas de visita-titorías

- A hora de visita para falar cos profesores/as é os luns, de 16:00 a 17:00 horas, con petición de cita.
- Horario de secretaría, dirección e xefatura de estudos está publicado na páxina web do centro. Prégase solicitar cita previa.
- É moi importante que as familias estean pendentes de Abalar móbil e da páxina web para estar ao día de toda a información que se envía desde o centro. Caso de non entender algún aspecto, Chamar á secretaría ou conserxería.

Colaboración das familias

Para acadar os obxectivos do curso precisamos da colaboración das familias. O profesorado só non pode.

As mochilas

Non deben ser de tamaño esaxerado por mor do espazo.

Proxecto abalar, informática, páxina web, POE, Proxecta: programa de reparto de froita fresca.

Servizos ofertados polo centro

Comedor escolar e Madrugadores que oferta o Concello e xestiona a ANPA. Para información o horario da ANPA é de 16:00 a 18:00 horas de luns a venres. Poden empregar o teléfono ou o correo electrónico para poñerse en contacto

Mandilón para EI.

Proxecto lector

Para fomentar a lectura temos tódolos días un tempo establecido no horario lectivo: de 12:00 a 12:20. Terán libros da biblioteca na aula. Importante potenciar o "préstamo". Mentalizar da importancia de coidar os libros.

A biblioteca funcionará biblioteca polas tardes de 4 a 6, agás as tardes do luns que o horario será de 4 a 5.

NOF

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


Dar a coñecer o documento das Normas de Organización e Funcionamento que recolle os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa, incluídos os pais. O seu cumprimento é de obriga para todos e cada un dos membros que compoñemos a citada comunidade. O non cumprimento trae consigo as consecuencias estipuladas.

- Comunicar calquera aspecto importante dos seus fillos/as como alerxias, enfermedades, piollos...
- Avisar en secretaría ou á titora se hai cambio nos datos do alumnado (domicilio, teléfonos,....), ausencias prolongadas, baixa no centro.
- Ante calquera dúbida ou problema, dirixirse ao titor/a.
- Evitar o estacionamento dos coches particulares nas entradas do Centro
- Facilitar as saídas do alumnado non aglomerandose nos accesos ao centro.

# 10. RELACIÓNS COA COMUNIDADE E FAMILIAS

Actualmente hai canles establecidos de participación de tódolos axentes implicados no feito educativo.

Para potenciar e facilitar as relacións entre todos os axentes se priorizarán os seguintes puntos:

- Potenciar a participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos dos sectores que integran a comunidade educativa.
- Facilitar a comunicación coas familias ao fin de facelos participes dos obxectivos, necesida des e proxectos do Centro.
- Manter relacións de debate, diálogo, participación e coordinación coa ANPA.
- Facilitar o uso das instalacións para a realización das actividades organizadas por diferentes asociacións.
- Manter sempre as canles de comunicación e cooperación cos distintos estamentos e institucións sociais e culturais do noso entorno (Concello, Asociacións, Servicios sociais, Ongs, etc)

# 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

## 11.1. Actividades complementarias.

En colaboración co Concello, a través do Servizo Municipal de Educación o Centro participa en diversas actividades. Faranse todas aquelas excursións didácticas e culturais que vaian xurdindo ao longo do curso e que se consideren adecuadas para un adecuado desenvolvemento do currículum e para a formación e o desenrolo integral do alumnado.

Nalgúns ciclos e niveis está prevista a realización dunha excursión de fin de curso, da que se informará puntualmente ás familias.

En Colaboración coa ONG Axuda en Acción realízarase o Proxecto espazos con calma (Integración e atención á diversidade e igualdade de oportunidades- Axuda ao alumnado en situación de risco social).

- Realizaranse colaboracións con distintas asociacións e entidades deportivas do entorno re-

alizando exhibicións e practica de distintas disciplinas deportivas.

## 11.2. Actividades extraescolares

A Anpa ofertará as actividades da Federación de Anpas e do Concello que se mostran na seguinte táboa e que se levarán a cabo de luns a venres en horario de 16 a 18 horas

### Actividades Ofertadas para o curso 23-24

| | EDUCACIÓN INFANTIL | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 16:00-17:00 | Colorín Colorado<br>----<br>Baile Moderno* | Xogos Rítmicos<br>----<br>Ballet* | Colorín Colorado<br>----<br>Baile Moderno* | Xogos Rítmicos<br>----<br>Ballet* | Xogos motores |
| 17:00-18:00 | Comecocos | Manitas | Comecocos | Manitas | Xogos motores |

| | 1º-2º E 3º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 16:00-17:00 | Patinaxe<br>----<br>Baile Moderno* | Inglés<br>----<br>Ballet* | Patinaxe<br>----<br>Baile Moderno* | Inglés<br>----<br>Ballet* | Predeporte<br>----<br>Fútbol Sala* |
| 17:00-18:00 | Xenios | Teatro | Xenios | Teatro | Predeporte<br>----<br>Fútbol Sala* |

| | 4º-5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 16:00-17:00 | Baile Moderno* | Escape Room<br>----<br>Ballet* | Baile Moderno* | Escape Room<br>----<br>Ballet* | Fútbol Sala* |
| 17:00-18:00 | ---- | Baloncesto | ---- | Baloncesto | Fútbol Sala* |

## 11.3. Biblioteca

Así mesmo o profesorado do Centro encárgase de manter aberta a biblioteca e atender ao alumnado que acude a ela para consultar, buscar información e realizar traballos que requiran o seu uso, en horario de 16:00 h. a 18:00 h. así como supervisar as actividades extraescolares.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


## 11.4. Actividades para Adultos

- Escolas de nais en pais. Diferntes días e horarios.

## 11.5. Actividades de convivencia e colaboración

- Actividades de voluntariado de familias: charlas, contacontos...

# 12. PLAN DE EMERXENCIAS E AUTOPROTECCIÓN

Este Plan de Autoprotección é obrigatorio para os centros de Ed. Infantil e Primaria segundo:

- Artigo 20 da LEI 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- REAL DECRETO 314/2006 polo que se aproba o Código Técnico da edificación.
- REAL DECRETO 393/2007 de 23 de marzo Norma Básica Autoprotección
- O artigo 40.1 da LEI 5/2007, de 7 de maio.
- DECRETO 171/2010 de 1 de outubro Plans de Autoprotección na Comunidade Autómomma de Galicia.

Segundo esta normativa vixente e ante a obriga de ter un plan de autoprotección en regra, a dirección do centro asinou un convenio coa Empresa Gesplan para o seu deseño. Unha vez elaborado e presentado ante o Claustro e Consello Escolar está en vigor desde o curso 2016/2017, realizando a formación e os simulacros anuais establecidos.

# 13. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Para a utilización das instalacións dun centro público por entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a Dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar un informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, que resolverá como proceda. Para uso ocasional e con carácter excepcional, a Dirección poderá autorizar o uso sempre que non altere o normal funcionamento das actividades docentes.

As peticións feitas ao Xefe Territorial para a utilización das instalacións fóra do horario establecido neste curso son:

- Programa Madrugadores concedido polo Concello e xestionado pola ANPA:
  - Funciona de 07:30 a 09:00 horas utilizando un aula anexa ao local da ANPA.
  - Está atendido por unha encargada e unha monitora.
  - Atende un total de 17 alumnos/as.
- Comedor escolar subvencionado polo Concello e xestionado pola ANPA:
  - Funciona de 14:00 a 16:00 horas en dúas aulas anexas ao local da ANPA.
  - Está atendido por dúas cociñeiras e tres monitores/as.
  - Atende un total de 180 alumno/as de 4º nivel de Ed. Infantil a 6º de Ed. Primaria, repartidos en dúas quendas.
- Programa Cóxegas: Programa de Conciliación familiar a desenvolver de 16:00 a 18:00 horas desde o 8 de setembro ao 1 de outubro e desde o 1 ao 22 de xuño.
- Club de fútbol batallador os martes e xoves de 18 a 20 horas.
- Clube de patinaxe Roller os luns, mércores e venres de 18 a 20 horas.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


- ONG Asdegal de luns a venres de 16 a 18 horas.

Cómpre destacar que o feito de que as instalacións estean sendo ocupadas por deportistas responsábeis, impide e/ou dificulta que outros personaxes alleos ao centro salten para causar desperfectos no recinto neses horarios.

No ANEXO IV se plasma a distribución destas actividades.

# 14. PLAN DE AVALIACIÓN

## 14.1. Avaliación do alumnado

Será global, continua e foramtiva. Terase en conta o establecido na Orde do 26 de maio de 2023 e na Orde do 30 de maio de 2023 e no artigo 12 da Orde do 8 de setembr de 2021 con respecto a Avaliación Inicial.

Cada profesor/a recompilará os rexistros avaliativos suficientes para valorar o desenvolvemento curricular do alumnado.

Terase en conta a actitude e as competencias básicas, o rendemento manifestado nas diversas tarefas diarias, así como as probas de avaliación que con periodicidade foran aplicadas ao alumnado, sempre tendo en conta os criterios reflectidos nas programacións didácticas.

Trimestralmente celebrarase unha sesión de avaliación na que participarán todos as/os mestras/es que dean clase aos grupos para dar e recoller información do alumnado.

Darase información ás familias dos resultados acadados, con boletíns informatizados (XADE). Datas:

- 1ª Avaliación: 21 decembro de 2023.
- 2ª Avaliación: 22 de marzo de 2024.
- 3º Avaliación: 25 xuño de 2024.
- Avaliación Final: 25 de xuño de 2024.

Cada Avaliación os titores/as levantarán acta das reunións do equipo de profesores/as que imparten docencia ao seu grupo de alumnos/as reflectindo os resultados, acordos, etc. no impreso modelo que aparece no ANEXO I.

## 14.2. Avaliación do proceso didáctico

A Comisión de Coordinación Pedagóxica establece:

- Os criterios para a revisión dos proxectos curriculares e do Plan de Acción Titorial.
- Asegurarase a coherencia entre o PCC e os PC de etapa e a PXA.
- Velará polo desenvolvemento e cumprimento das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do Plan de Acción Titorial.
- Establecerá as directrices e velará o desenvolvemento das adaptacións curriculares.
- Canalizará e valorará as necesidades de formación do profesorado.
- Valorará a realización de actividades, métodos e recursos didácticos utilizados.
- Analizará o proceso didáctico xeral do centro e procederá a tomar as medidas correctoras oportunas si é o caso.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


## 14.3. Avaliación da PXA

Avaliación externa, que os distintos organismos así o establezan.

Avaliación interna, Consello Escolar, Claustro e a Comisión de Coordinación Pedagóxica, farán unha avaliación trimestral da PXA e proporán se é o caso as medidas correctoras oportunas. Así mesmo na Memoria Final de Curso farase un balance do cumprimento da PXA.

# 15. ADDENDA ANUAL AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

## 15.1. Introdución

De acordo co artigo 14º do **DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** (DOG do 25), cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu **Proxecto Lingüístico** cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de Educación Primaria (EP), Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato.
b) En EP, ESO e Bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
c) Nos centros que imparten Formación Profesional específica, Ensinanzas Artísticas e Deportivas, e Ensinanza de Persoas Adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Así mesmo, establece que este Proxecto Lingüístico será **redactado** por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas (ao ser un CEIP, o noso colexio non conta con estas figuras) e o **coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega**. Será **aprobado** e **avaliado** polo **consello escolar** do centro educativo.

Este proxecto remitiráselles **cada catro cursos escolares** aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a ese decreto e ao desenvolvemento da LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de educación (BOE do 4) e da LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10) modificada pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.

NO 2022-23 estase actuallizouse Proxecto lingüístico anterior feito no curso 2018/2019.

Anualmente, elaborarase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s)

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
4. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

## 15.2. Actividades de dinamización da lingua galega

### 15.2.1.-Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior

Cómpre destacar a masiva participación do alumnado e profesorado na elaboración de traballos e a aceptación do uso da lingua nos mesmos nas distintas actividades e celebracións. Aprécianse, iso si, dificultades na expresión oral dos cativos/as e, por iso, seguiremos a programar actividades que potencien a a interacción verbal na nosa lingua. Con todo, o **galego** como lingua vehicular e de uso oral por parte do alumnado está a **retroceder** e os datos da enquisa ás familias realizada en maio así o demostran.

Nesta situación negativa para o noso idioma, o sistema educativo, en xeral, e o noso colexio, en concreto, non pode ser responsabilizado. Somos un axente social máis e, probablemente, non o que maior influencia exerce sobre os nenos/as. Mais, **non por iso deixaremos de propoñer iniciativas** que involucren o colexio no seu conxunto, sen excepción, na defensa e uso do noso valor cultural principal: a lingua. Temos que pensar que todo aquilo que dependa de nós non quede nunca pendente.

### 15.2.2.-Criterios a seguir á hora de elaborar as actividades

- Implicación dos membros da comunidade no proxecto.

*No proxecto do EDLG contarase coa implicación e participación dos diferentes membros, como ben se recolle no cadro das actividades: os pais/nais; a asociación de nais e pais dos alumnos/as, ANPA; os mestres/as compoñentes dos distintos niveis, ciclos, etapas, equipos e os diferentes especialistas; o persoal de administración e servizos...*

- A colaboración do EDLG cos outros órganos e equipos do centro.

*Para a realización das actividades programadas, o EDLG, en consonancia co Proxecto Educativo do centro, procurará a incorporación das TAC. O EDLG asesorará e colaborará na confección e actualización de todos os documentos que se elaboran nos distintos formatos aplicando as TAC no centro: web dinámica, encerado dixital interactivo (EDI), confección de presentación de diapositivas en Microsoft Power Point ou LibreOffice Impress, creación de material en ferramentas de autor/a (LIM), utilización de canón proxector, elaboración de blogs, creación de titoriais explicativos...*

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



*O EDLG fomentará a galeguización das ferramentas TAC (Windows en galego, software libre galeguizado e uso de programas e ferramentas que utilicen a nosa lingua como plataforma de traballo). Así mesmo, fomentará a potenciación e utilización por parte do profesorado e do alumnado dos recursos e materiais informáticos cos que conta o centro.*

*Outra colaboración estreita manterana o EBE e o EDLG. Para aumentar a coordinación nas propostas da biblioteca, o coordinador participará, sempre que sexa posible, nas xuntanzas do EBE. O traballo conxunto de ambos equipos abrangue o mantemento dos blogs, a publicación da revista dixital e os seus correspondentes adiantos...*

- Colaboración con outras institucións, entidades e asociacións externas.

*Dende o centro educativo procuraremos colaborar con outras institucións, entidades e asociacións participando nas distintas campañas e actividades que promoven a potenciación e o uso da lingua galega fóra do ámbito educativo. Entre outras:*

  - *Manterase contacto periódico coa coordinadora provincial dos EDLG e co asesor de lingua galega do CFR.*
  - *Participación en actividades que fomentan o uso do galego promovidas dende as asociacións de veciños do barrio ou promovidas dende o noso centro, coa Asociación de Veciños Mariñeiros-Peruleiro e a Asociación de Veciños do Agra do Orzán.*
  - *Desenvolvemento e posta en valor das actividades programadas desde o Seminario Galego para a Paz.*
  - *Participación na Mostra de Teatro Escolar promovido polo Concello da Coruña e nos ciclos de teatro desenvolvidos no Fórum Metropolitano da Coruña.*
  - *Asistencia aos concertos fóra do centro e a outras actividades que promovan a cultura e a Lingua.*
  - *Colaboración e participación nas actividades promovidas polas distintas concellarías da Coruña no fomento da lingua e cultura galega.*
  - *Participación nas actividades do centro sociocultural Ágora, sito na nosa contorna, con actividades de contacontos, coñecemento das dependencias do mesmo, empréstamo de libros e roteiros polo barrio entre outras.*
  - *Actividades de teatro con centros de atención especializada, Aspanaes...*
  - *Actividades con outro tipo de organizacións: supermercados Gadis e Eroski, La Voz de Galicia, MUNCYT, Museo de Belas Artes, Fundación Luís Seoane, Fundación María José Jove...*

- Colaboración con outros centros educativos.

*Intercambios de experiencias normalizadoras con outros centros da cidade ou da provincia para a difusión de iniciativas e actividades desenvolvidas aos efectos de compartir e enriquecernos mutuamente.*

*Intercambio de materiais elaborados ao longo do curso escolar para fomentar o coñecemento do traballo realizado: revistas, almanaques, felicitacións, marcadores de páxinas, adhesivos, dípticos/trípticos, exposicións, así como na elaboración do proxecto Lingüístico.*

- Planificación de actividades plurianuais.

*Deberanse planificar actividades plurianuais, é dicir, actividades que, polo seu éxito e arraigamento, repetiranse ano tras ano.*

- Variedade na tipoloxía das actividades organizadas ao longo do curso.

*Contaremos cunha gran escolma de actividades que recollerán as celebracións e as festas máis tradicionais, como no cadro de actividades se relata, exemplo delas son: A Vendima, O Magosto, O Samaín, O Apalpador, O Nadal, O Entroido e O Meco, cantigas en galego, O Maio, O Día das Letras Galegas, receitas das nosas festas, sementando tradición, "Os nosos artistas. Espallando arte con denominación de orixe galega"...*

*Traballarase a escrita na revista dixital, invención de historias das obras de arte, receitas, cartaces das*

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


*diferentes conmemoracións, revista dixital, relato curto, poesía, cómic, dicionario visual...*

*O uso das TAC estará sempre presente, na procura de información, nas actividades dos diferentes blogues que están enlazados á páxina web do centro, revista dixital, videoconferencias, Xornal dixital, Proxecto E-Dixgal...*

### 15.2.3.-Actividades tipo para dinamización da lingua galega

De acordo cos criterios dados, de seguido, amósase unha relación de **exemplos de actividades** para mellorar a presenza e uso do galego no colexio. Serán unha guía para poder elaborar, cada curso, a concreción anual do presente proxecto.

a) Entradas e saídas do centro musicadas.
b) Campaña de felicitación e parabéns en galego na celebración da festa de aniversario.
c) Edición dun almanaque escolar en galego.
d) Magosto e Samaín (O Samaín Rebuldeiro).
e) Receitas tradicionais de tempada.
f) O Apalpador e a Árbore dos Desexos de Nadal.
g) Conmemoración do Día Universal dos Dereitos Humanos.
h) Campañas de promoción da lectura e exposicións na biblioteca.
i) Festexo do Día Escolar da Paz e da Non Violencia.
j) Entroido.
k) Día de Rosalía.
l) Folleto "O Noso Viveiro 2.0. Express" e revista dixital "O Noso Viveiro 2.0".
m) Lendo e facendo lenda.
n) O noso dicionario visual.
o) Sesións de monicreques e teatro.
p) Celebración do Día do Libro.
q) Os Maios.
r) Entrevista ao vivo cun autor/a de literatura infantil e/ou xuvenil.
s) Semana das Letras Galegas.
t) Visitas ao centro sociocultural Ágora.
u) Relato curto, poesía e banda deseñada.
v) Os nosos grandes.
w) Mantemento da sección do EDLG na web do colexio.
x) Participación en campañas institucionais en galego.
y) Festas de fin de curso.
z) Manter a comunidade educativa actualizada en todo o que a dinamización da lingua galega se refire.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


## 15.3. Linguas que se deben empregar nas etapas e áreas

### 15.3.1. Educación Infantil

#### *15.3.1.1. Uso das linguas na etapa*

O DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece que, na etapa de EI, o profesorado **usará na aula a lingua materna**[1] **predominante entre o alumnado**, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno **e procurará que o alumnado adquira**, de forma oral e escrita, **o coñecemento da outra lingua oficial** de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

Pola súa parte, o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia obriga a fomentar unha **primeira aproximación á lingua estranxeira** nas aprendizaxes do segundo ciclo da EI, especialmente no último ano.

#### *15.3.1.2. Criterios para determinar a lingua vehicular nas aulas da etapa*

A INSTRUCIÓN do 31 de xullo de 2013 para a aplicación do DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo dispón que **a lingua materna ou inicial predominante** na etapa de EI **deberá determinala o centro educativo** no seu Proxecto Lingüístico.

Anualmente, no mes de setembro, establecerase a **lingua vehicular**[2] de cada aula de acordo cos seguintes **parámetros**:

a) **Resultado da pregunta ás familias** (pais, nais, titores/as ou representantes legais) de cada alumno ou alumna antes do comezo do curso escolar acerca da súa lingua materna. Para o presente curso os datos son os seguintes:

| Idioma | Nº de alumnos/as |
|---|---|
| Galego | 1 |
| Castelán | 24 |
| As dúas por igual | |
| Outrastras linguas | Árabe: 3<br>Ucraniano:<br>Ruso:1<br>Francés:1<br>Marroquí:1 |

b) **Resultados da avaliación inicial** redactados no correspondente informe de acordo coa ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) **Realidade sociolingüística** do contorno próximo (zona de influencia do colexio) e amplo (cidade da Coruña) do colexio, de acordo cos datos ofrecidos no presente Proxecto Lingüístico. Constátase, neste sentido, unha **presenza maioritaria do castelán**.

1 A Real Academia Galega define lingua materna o primeiro idioma que se aprende a falar na nenez.
2 A Real Academia Galega define lingua vehicular como o idioma utilizado nunha determinada situación comunicativa, neste caso, na aula.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


#### *15.3.1.3. Actividades e estratexias para o uso da lingua vehicular da aula*

Neste sentido, partirase dun **principio esencial**: atender de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna. Ao mesmo tempo, traballarase a lingua vehicular na aula con diferentes **recursos** (poesías, trabalinguas, adiviñas, técnicas de creación de contos...) e, ademais, realizaranse actividades para o desenvolvemento de todos os aspectos da linguaxe no **ámbito oral**:

- **Fonolóxico**: xogos de discriminación auditiva e motricidade bucofacial.
- **Semántico**: describir imaxes, bits de vocabulario, escoitar e narrar contos, etc.
- **Sintáctico**: interpretación e construción de frases con pictogramas…
- **Pragmático**: exercicios nos que haxa que pedir, comunicar sentimentos, preguntar e informar (diálogos na asemblea, p.e.).

E tamén no **ámbito escrito**:

- **Grafomotricidade**: realizando diferentes tipos de trazos dun xeito contextualizado e funcional.
- **Achegamento á lectura e á escritura**: recoñecendo letras, practicando a súa grafía ou descifrando frases con pictogramas en contextos significativos e funcionais.

#### *15.3.1.4. Actividades e estratexias para o uso da lingua non vehicular da aula*

A citada INSTRUCIÓN do 31 de xullo de 2013 exixe a garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas. Por iso, xunto con actividades como as citadas no anterior subapartado, usarase na aula a lingua non vehicular, cando menos, nos seguintes **momentos significativos**:

- Panel de rutinas da asemblea diaria.
- Aperitivo de media mañá.

### 15.3.2. Educación Primaria

O DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia dispón que se garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia e que as materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartirase **en galego** a materia de **Ciencias da natureza e Ciencias sociais** e **en castelán** a materia de **Matemáticas**.

A área de Lingua galega e literatura terá un **tratamento análogo** á de Lingua castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario. Garantirase, igualmente, que as materias en galego e en castelán se distribúan na **mesma porcentaxe de horas semanais**, sen prexuízo do horario das materias de lingua estranxeira.

**O alumnado empregará, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo**. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os crite-

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


rios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala que a situación de sociedade multilingüe na que vivimos solicita un **enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe** que potencie a competencia comunicativa dos nenos e nenas nas linguas que vaian adquirindo ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan certos contidos similares, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a Educación Primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben ser abordados de maneira parella, ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas. Así pois, o profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso da EP, deberá organizar o seu labor para **evitar a repetición de contidos** naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos.

No noso colexio, o reparto no uso das linguas a través das diferentes materias responderá a seguinte distribución:

- **Castelán**: Matemáticas, Lingua castelá e literatura, Educación física e Relixión.
- **Galego**: Lingua galega e literatura, Educación Artística, Ciencias da natureza, Ciencias sociais e Valores sociais e cívicos, proxecto competencial.
- **Inglés**: Primeira lingua estranxeira.

#### 15.3.3. Linguas que se deben empregar nas programacións

Segundo se dispón no DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, **na lingua respectiva**.

#### 15.3.4. Sección bilingüe

Desde o curso 2018-19 o centro conta con dúas seccións bilíngües en 5º de primaria, impartindo a materia de Plástica en língua inglesa, que se ampliaron no curso 2020-21 a 6º de Educación primaria.

### 15.4. Conclusións

Neste proxecto, pódense apreciar **actividades completamente innovadoras**, alén dunha gran variedade de actividades encamiñadas á aprendizaxe da lingua e cultura dun **xeito dinámico, lúdico e de calidade**. Atendendo deste xeito a todos os obxectivos fixados despois de facer o pertinente estudo sociolingüístico.

A dinamización do centro é completa, xa que se conta cunha **gran coordinación**, participando

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


todo equipo de profesionais nas actividades de maneira moi activa e concienciándose do uso do galego nas diferentes actividades propostas (pódese comprobar no cadro de actividades).

Todo o traballo do EDLG estará orientado sempre a que o noso alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa se conciencien e motiven para que cheguen a empregar como **lingua habitual o galego** tanto nas súas relacións internas como externas.

O EDLG **analizará**, ao finalizar cada unha destas actividades, **os resultados** obtidos, como tamén levará a cabo, ao rematar o curso, unha avaliación do estado da situación lingüística do centro.

O presente proxecto **entrou en vigor no curso 2022/2023**, sendo de aplicación no curso 2022/2023, 2023/2024, 2024/2025 e 2025/2026, no que se deberá comezar un novo período de actualización.

## 16. PROXECTOS A DESENVOLVER NO CENTRO

| TÍTULO | ORGANISMO | SECTOR INVOLUCRADO |
|---|---|---|
| PLAMBE | CONSELLERÍA EDUCACIÓN | A COMUNIDADE EDUCATIVA |
| PROXECTO E-DIXGAL | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN | ALUMNADO DE 5º E 6º E PROFESORADO |
| BIBLIOTECAS ESCOLARES INCLUSIVAS | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.<br>(Solicitarase tan pronto saia a convocatoria) | ALUMNADO DE INFANTIL, PRIMARIA E PROFESORADO |
| CLUBES DE LECTURA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN<br>(solicitado e pendente de aprobación) | ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E PROFESORADO |
| MUS-E | CONVENIO: PAIDEIA<br>FUNDACIÓN YEHUDI MENUHIN<br>MINISTERIO EDUCACIÓN<br>CONSELLERÍA EDUCACIÓN | ALUMNADO E.I., 1º, 2º, 3º,4º, 5º, 6º E PROFESORADO |
| SECCIÓNS BILÍNGÜES | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN | ALUMNADO DE 5º e 6º DE E.P. E PROFESORADO |
| AXUDA EN ACCIÓN (E ESPAZOS CON CALMA) | ONG AXUDA EN ACCIÓN<br>CEIP RAQUEL CAMACHO | ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA<br>FAMILIAS |
| "UN COLEXIO DE CINE" | CEIP RAQUEL CAMACHO<br>EQUIPO DE BIBLIOTECA | COMUNIDADE EDUCATIVA |
| VOZ NATURA<br>HORTO ESCOLAR | FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE<br>EQUIPO VOZ NATURA | INFANTIL<br>PRIMARIA<br>PROFESORADO<br>FAMILIAS |
| CONTRATOS PROGRAMA. RECUPERATE. PROA+ | CEIP RAQUEL CAMACHO<br>CONSELLERÍA | POFESORADO<br>ALUMNADO DE 4º,5º E 6º EP |
| PFPP SOBRE CONIVENCIA POSITIVA E POLOS CREATIVOS | CEIP RAQUEL CAMACHO<br>CONSELLERÍA<br>CEFORE | PROFESORADO |
| CONTRATOS PROGRAMA | CEIP RAQUEL CAMACHO<br>CONSELLERÍA | POFESORADO<br>ALUMNADO |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


| | | |
|---|---|---|
| EDUCASAÚDE | | |
| METAEDUCCIÓN. PREMIO FUNDACIÓN LA CAIXA | FUNDACIÓN LA CAIXA<br>CEIP RAQUEL CAMACHO | POFESORADO<br>ALUMNADO |
| PRENSA ESCOLARES | LA VOZ DE GALICIA<br>CEIP RAQUEL CAMACAHO | POFESORADO<br>ALUMNADO DE 6º EP |
| PROGRAMA ACOMPAÑA | CEIP RAQUEL CAMACHO<br>CONSELLERÍA | POFESORADO<br>ALUMNADO DE Ed. Infantil, 1º e2º ciclo de E.P. |

## 17. NOTA INFORMATIVA E NORMAS XERAIS. ELEMENTO DE CONEXIÓN COAS FAMILIAS.

| INFORMACIÓN E NORMAS XERAIS<br>CEIP RAQUEL CAMACHO | |
|---|---|
| **HORARIO** | -O alumnado entrará ás aulas ás aulas ás 9;00 horas<br>-As familias poderán acceder ao interior do recinto a acompañar aos seus fillos/as ata a zona de filas ou ata as portas das aulas de Educación infantil. Durante o horario lectivo as familias non poderán acceder ás aulas nin ao corredores, a non ser que sexan requeridos.. As familias poderán acudir a secretaría do centro en hoorario de 9:3s a 13:30 para a realización de trámites administrativos .<br>-É fundamental a puntualidade.<br>-O alumnado que chegue unha vez estean cerrados os accesos terá que agarda ata as 9:30 en que se abre o portal de administración. As chegadas tarde reiteradas serán rexistradas, acumulativas e de non seren debidamente xustificadas así serán introducidas na aplicación da Consellería. |
| **TITORÍAS** | -O día de titorías para atención ás familias é os luns de 16:00 a 17:00 horas e concertaranse verbalmente ou por escrito. |
| **ASISTENCIA** | -É obrigatoria por lei a asistencia diaria a clase tanto en Ed. Infantil como en Ed. Primaria.<br>-As faltas serán xustificadas ao/á profesor/a titor/a a través da aplicación abalar móbil ou por escrito según modelo facilitado polo centro para seren introducidas na aplicación informática da Xunta, polo que o seu control será moi riguroso.<br>-As saídas/entradas do alumnado no centro por visitas médicas durante o horario de clase realizarase pola entrada principal, intentando que as ausencias sexan o máis reducidas posíbel.<br>-Caso de chegar tarde, débese esperar no vestíbulo a que a conserxe cubra o parte xustificativo para acceder á aula. Caso de nen@s de curta idade, serán acompañad@s pola conserxe ou persoal do centro á aula. |
| **SAÚDE** | -Caso de accidente ou indisposición leve d@ alumn@, será atendid@ pol@ profesor/a titor/a ou na súa ausenza un/unha responsábel do centro.<br>-En caso de certa importancia será avisada inmediatamente a familia, polo que é imprescindíbel ter actualizados os teléfonos de contacto.<br>-No caso de alumnado incluído no programa de alerta escolar seguirase o protocolo establecido pola Consellería. |
| **SAÍDAS** | -As saídas a realizar están programadas polo Equipo de Actividades Complementarias Extraescolares tendo en conta as preferencias dos Equipos de Ciclo e nivel, aprobadas polo Consello Escolar e contempladas na Programación Xeral Anual.<br>-As familias recibirán información sobre a visita e o seu custo e deben ter asinada a súa autorización na ficha de datos que se actualiza cada curso. Caso de non ter autorización, @ alumn@ quedará no centro debidamente atendid@. |
| **ANPA "A ESPERANZA"** | -A **Asociación de Nais e Pais de Alumn@s** xestiona as actividades extraescolares que se realizan no centro de 16:00 a 18:00 horas, así como os servizos de **madrugadores e comedor escolar**.<br>-Atendrán telefónicamente ou através de correo electrónico: anpa.ceipraquelcamacho@gmail.com. Os interesados/as poden facerse socios/as. Tfno. 681.947426 (de 10 a 13 horas) |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



| | |
|---|---|
| **SERVIZOS** | -O Programa **MADRUGADORES** é un servizo ofertado polo Concello de A Coruña e xestionado pola **ANPA.** Funciona en horario de 07:30 a 09:00 horas, con ou sin almorzo, de maneira regular ou esporádica.<br>O **COMEDOR ESCOLAR** tamén está xestionado pola **ANPA,** funciona de 14:00 a 16:00 horas con servizo de catering. Teléfono Comedor: 679 392678 (de 7:30 9:00 e de 12:00 a 16:00 horas). E-mail comedor: ceipraquelcamacho@alimentacionsaludablegallega.net<br>-O **PROGRAMA CÓXEGAS** é un servizo ofertado polo Concello para conciliar a vida familiar e laboral ata o último día do curso escolar, tamén xestionado pola ANPA.<br>-O **TRANSPORTE ESCOLAR,** xestionado pola Xunta, desplaza ao alumnado procedente da zona dos Rosais e arredores. |
| **NOTIFICACIÓN DAS FAMILIAS AO CENTRO** | -As familias notificarán ao centro asuntos sanitarios dos fillos/as que consideren relevantes ( alerxias, medicación, enfermedades crónicas que poidan causar crises puntuais, etc.)<br>-Deberán asinar o impreso de ausencia prolongada do alumno/a ás clases adxuntando xustificante ( Secretaría ).<br>-En caso de baixa por traslado o pai, nai ou persoa responsábel deberá cubrir e asinar o impreso correspondente en Secretaría.<br>-Para tranquilidade da comunidade educativa, os/as titores/as deberán ser informados polos pais/nais/titores legais de quen recolle aos/ás nenos/as ás 14:00 horas así como se teñen permiso para marchar sós/soas. |
| **LIBROS DE TEXTO** | -O alumnado de Ed. Primaria (1º e 2º) previa solicitude seguindo a normativa da Consellería, dispón de vale de axuda estipulado para a adquisición dos libros de texto e material escolar. Prazo rematado.<br>-Alumnado de 3º e 4º de Ed. Primaria usará o fondo de libros despois de ter presentado a correspondente solicitude. Prazo rematado.<br>-A totalidade do alumnado de primaria tén dereito (segundo a renda per cápita) a solicitar a axuda para a adquisición de material. Prazo rematado.<br>-O alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria non ten libros de texto en papel , por estar incluído o Centro no Proxecto Edixgal. Contará cada alumno con un miniportátil e libros dixitais gratuitos.<br>-Caso de alumnado que non promociona, perde o dereito a cheque; agás no 1º e 2º de Ed. Primaria por tratarse de material funxible.<br>-O alumnado de Ed. Infantil non entra no Programa de Gratuidade, ao non considerar a lei esta etapa como obrigatoria.<br>-A normativa sobre a adquisición de libros de texto, fondo de libros e adquisición de material atópase colgada na páxina web do centro. |
| **DATOS DO CENTRO** | CEIP Raquel Camacho<br>Antonio Pedreira Rios, Nº 13-15 15010- A Coruña<br>Tfno: 981257154 FAX: 981924276<br>Correo: ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es<br>**Páxina Web: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/** |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


EQUIPO DIRECTIVO
DIRECTORA: Dna. Rosa Mª Mosteiro Neira
XEFA DE ESTUDOS: Dna. Mª de los Ángeles Roca Lodeiro.
SECRETARIA: Dna. María Carmen Ouro Souza.
**ORIENTADORA**: Dna.Cecilia García Ares.
**CONSERXE** : Dna. Mariel Platas López

| **CALENDARIO ESCOLAR 202-23** | |
|---|---|
| **DURACIÓN DO CURSO ESCOLAR** | O curso escolar abrangue dende o 8 de setembro de 2022 ao 22 de xuño de 2023 ambos inclusive. |
| **PERIODOS VACACIONAIS** | -NADAL: do 22 decembro 2022 – 7 xaneiro/2023 inclusive.<br>-ENTROIDO:<br>-SEMANA SANTA: ambos inclusive. |
| **DÍAS NON LECTIVOS** | -11 de outubro- día do enino<br>-12 de outubro- día do Pilar.<br>-6 de de decembro: día da Constitución<br>-7 de decembro Día do ensino<br>-8 de decembro- día da Inmaculada.<br>-17 de maio- día das Letras Galegas.<br>**-Días 13 de outubro e 20 de maio** solicitados á Consellería de Ed. decidido polo Consello Escolar segundo a normativa vixente. |
| **HORARIO DE ATENCIÓN A NAIS/ PAIS/ TITOR@S LEGAIS** | |
| **TITOR@S** | Todos os luns de 16:00 a 17:00 horas, previa cita. Preferentemente de maneira telemática ou telefónica |
| **DIRECCIÓN** | De luns a venres de 09:00 a 09:55 horas.<br>Luns, xoves e venres de 12:00 a 13:00 horas. |
| **XEFATURA DE ESTUDOS** | De luns a venres de 13:10 a 14:00 horas. |
| **SECRETARÍA** | De luns a venres de 12:00 a 13:10 horas. |
| **ORIENTADOR** | Concertará citas segundo a súa disponibilidade horaria. |
| **ENTREGA DAS CUALIFICACIÓNS ACADÉMICAS** | |
| **1ª AVALIACIÓN** | 21 de decembro |
| **2ª AVALIACIÓN** | 22 de marzo |
| **3ª AVALIACIÓN** | 28 de xuño |
| En cada boletín aparecen rexistradas as faltas de asistencia. No caso de exceder en nº ás legalmente establecidas ou, de non estar debidamente xustificadas, enviarase unha carta personalizada que será devolta ao centro debidamente asinada pola familia, quedando rexistrada no expediente do alumno/a. | |

**INFORMACIÓN DE INTERESE: é aconsellable que as familias accedan á páxina web do colexio se desexan estar informados de temas organizativos, lexislación, actividades……………….e aspectos diversos da vida da institución. Mantense actualizada dentro das posibilidades do persoal do centro encargado desta tarefa.**

## 18. APROBACIÓN DA PXA

### 18.1. Informe do claustro

En cumprimento do artigo 97º do DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, esta Programación Xeral Anual foi presentada ao claustro de profesores e aprobada por unanimidade en sesión ordinaria do día 23 de outubro de 2023.

### 18.2. Certificación do consello escolar

En sesión ordinaria do Consello Escolar de CEIP Raquel Camacho celebrada o día 23 de outubro de 2023, quedou APROBADA por unanimidade a Programación Xeral Anual de Centro, que figura nas páxinas anteriores a esta certificación, para o presente curso 2023/2024.

| A directora | A xefa de estudos | A secretaria |
|---|---|---|
| Rosa María Mosteiro Neira | Mª de los Ángeles Roca Lodeiro | Mª Carmen Ouro Souza |

A Coruña, 23 de outubro de 2023.

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


# 19. ANEXO 1. ACTA DE AVALIACIÓN

## ACTA DE AVALIACIÓN .

| Ano académico | Curso | Trimestre |
|---|---|---|
| | | 1 |
| **Titor/a** | | |
| **Asistentes** | | |

### Avaliación do proceso de aprendizaxe

*A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos e recollerá os progresos efectuados polas nenas e po - los nenos (artigo 20 do Orde do 26 maio 2023 que desenvolve o decreto 155/2022 e artigo 20 da Orde do 30 de maio de 2023 que desen - volve o Decreto 150/2022 .*

### Valoración xeral do proceso de aprendizaxe do alumnado

| |
|---|
| O grupo ... |

### valoracións globais da relación nominal de todo o alumnado

| | Nome do alumno/a | Valoracións globais da avaliación das materias<br>NEAEs atopadas, medidas a adoptar (apoios, reforzos,...), axuste do desenvolvemento do currículo,... |
|---|---|---|
| 1 | A | |
| 2 | B | |
| 3 | B | |
| 4 | B | |
| 5 | C | |
| 6 | C | |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



| | Nome do alumno/a | Valoracións globais da avaliación das materias<br>NEAEs atopadas, medidas a adoptar (apoios, reforzos,...), axuste do desenvolvemento do currículo,... |
|---|---|---|
| | | |
| 7 | C | |
| 8 | E | |
| 9 | E | |
| 10 | F | |
| 11 | F | |
| 12 | G | |
| 13 | J | |
| 14 | L | |
| 15 | M | |
| 16 | M | |
| 17 | N | |
| 18 | R | |
| 19 | R | |
| 20 | S | |
| 21 | V | |
| 22 | V | |
| 23 | | |
| 24 | | |
| 25 | | |

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



A Coruña, a de de 2023.

Sinatura da titoría Visto e prace da dirección

Selo do centro

---

*ORDE do 26 de maio de 2023 que desenvolve o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 111 do 13 de xuño de 2023).*

*ORDE do 30 de maio de 2023 que desenvolve o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantl na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 111 do 13 de xuño de 2023).*

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



# 20. ANEXO 2. LIBROS DE TEXTO

## LIBROS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Curso 2023/2024

### 4º EDUCACIÓN INFANTIL

➔ Non se piden libros.

### 5º EDUCACIÓN INFANTIL

➔ Matemáticas 2. Ed. Anaya ISBN: 978-84-678-1589-4

### 6º EDUCACIÓN INFANTIL

➔ Matemáticas 3. Ed. Anaya. ISBN: 978-84-678-1590-0

➔ Mis letras con enlace inicial 3. Ed. Santillana. ISBN: 978-84-680-1202-5

**LIBROS DE TEXTO CURSO 2023/23 CEIP RAQUEL CAMACHO ( A CORUÑA ) 1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

| ÁREA/ MATERIA | TÍTULO | AUTOR/A | EDITORIAL | ISBN | LINGUA |
|---|---|---|---|---|---|
| Lengua castellana | Un paso más pauta. Mochila ligera. Construyendo mundos. | Equipo Editorial. | Santillana. 2023 | 978-84-144-0758-5 | Castellano |
| Matemáticas | Construyendo mundos. Mochila ligera | Equipo Editorial. | Santillana. 2022 | 978-84-680-7131-2 | Castellano |
| Ciencias Sociais | Práctica ciencias sociais 1. Actividades comunidade zoom gal. | A. López, B. Gasco, A.I. Menéndez, M.J. Lara | Vicens vives. 2022 | 978-846-828-536-8 | Gallego. |
| Ciencias Naturais | Práctica ciencias naturaleza 1. Actividades comunidade zoom gal. | A. López, B. Gasco, A.I. Menéndez, M.J. Lara | Vicens vives. 2022 | 978-84-682-853-20 | Gallego |
| Inglés | All about us Now 1. Class Book with Digital Book | Vanessa Reilly, M.ª Carmen Ocete, Hawys Morgan, Plácido Bazo e Marcos Peñate | Oxford. 2022 | 978-0-19-407422-3 | Inglés |

**LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-24. 2º NIVEL DE E.P. CEIP RAQUEL CAMACHO**

| ÁREA/ MATERIA | TÍTULO | AUTOR/A | EDITORIAL | ISBN | LINGUA |
|---|---|---|---|---|---|
| L. Castellana | 2PRI Lengua (mochila ligera) Construyendo mundos | Equipo editorial | Santillana 2023 | 978-84-144-0762-2 | Castelá |
| Matemáticas | 2PRI Matemáticas (mochila ligera) . Construyendo mundos | Equipo editorial | Santillana 2023 | 978-84-144-0763-9 | Castelá |
| Ciencias Naturais | Practica Ciencias da Natureza 2 CZ | | Vicens Vives 2023 | 978-84-682-9249-5 | Galego |
| Ciencias Sociais | Practica Ciencias Sociais 2 CZ | | Vicens Vives 2023 | 978-84-682-9255-7 | Galego |
| Inglés | All About Us Now 2 Class Book + ALK with Digital Class Book | Mª Carmen Ocete, Vanessa Reilly y otros | Oxford University Press 2022 | 978-0194-0744-38 | Inglés |
| | All About Us Now 2 Activity Book with Digital Activity Book | Mª Carmen Ocete, Vanessa Reilly y otros | Oxford University Press 2022 | 978-0194-0745-06 | Inglés |
| Relixión Católica | Ven y verás | Jesús Mario Lorente Pérez; Pilar Ramírez Carbonero | Anaya | 978-84-698-9722-5 | Castelá |

***Só para alumnado que ten a materia de relixión católica**

# LIBROS DE TEXTO CURSO 2023/24 CEIP RAQUEL CAMACHO 3º NIVEL ED. PRIMARIA

| MATERIA | TÍTULO-AUTOR-EDITORIAL | ISBN | LINGUA |
|---|---|---|---|
| Lingua Galega | Construíndo Mundos. Equipo editorial. Santillana. 2022 | 978-84-9185-409-8 | Galega |
| Lingua Castelá | Construyendo mundos. Mochila Ligera. Equipo editorial. Santillana. 2022 | 978-84-680-7201-2 | Castelá |
| Matemáticas | Construyendo mundos. Mochila ligera. Equipo Editorial. Santillana. 2022 | 978-84-680-7136-7 | Castelá |
| Ciencias Natureza | Comunidad Zoom. Autores: Beatriz Gasco Poderoso,M Jesús Lara, Alicia López, A.I. Menéndez. Vivens vives. 2022. | 978-84-682-8533-7 | Galega |
| Ciencias sociais | Comunnidad Zoom. Autores: Beatriz Gasco Poderoso,M Jesús Lara, Alicia López, A.I. Menéndez. Vivens vives. 2022. | 978-84-682-8537-5 | Galega |
| Inglés | All about us Now 3. Class book with digital Book. Varios autores. Oxford. 2022<br>All about us Now 3. Activity book with digital book. Varios autores. Oxford. 2022 | 978-0-19-407465-0 978-0-19-407384-4 | Inglés<br>Inglés |
| Música | Música NovoTiroliro. Construíndo mundos. Equipo Editorial. Obradoiro. 2022<br>Cad. Música Novo tiroliro. Construíndo mundos. Eq. Editorial. Obradoiro. 2022 | 978-84-9185-404-3<br>978-84-9185-525-5 | Galego.<br>Galego. |
| *Relixión | Relixión Católica3. Ven e verás. Jesús M. Lorente Pérez/Pilar Ramírez Carbonero. Anaya. 2022 | 978-84-143-0174-6 | Castelá. |

*Só para a lumnado que ten a materia de Relixión Católica.

## LIBROS DE TEXTO. CURSO 2023/24. CEIP RAQUEL CAMACHO. 4º NIVEL DE ED.PRIMARIA

| MATERIA | TÍTULO-AUTOR-EDITORIAL | ISBN | LINGUA |
|---|---|---|---|
| Lingua Galega | Construíndo Mundos. Equipo editorial. Santillana. 2023 | 978-84-9185-705-1 | Galega |
| Lingua Castelá | Construyendo mundos. Mochila Ligera. Equipo editorial. Santillana. 2023 | 978-84-144-0738-7 | Castelá |
| Matemáticas | Construyendo mundos. Mochila ligera. Equipo Editorial. Santillana. 2023 | 978-84-144-0769-1 | Castelá |
| Ciencias Natureza | Comunidade Zoom. Autores: Beatriz Gasco Poderoso,M Jesús Lara, Alicia López, A.I. Menéndez. Vivens vives. 2023. | 978-84-682-9250-2 | Galega |
| Ciencias sociais | Comunidade Zoom. Autores: Beatriz Gasco Poderoso,M Jesús Lara, Alicia López, A.I. Menéndez. Vivens vives. 2023. | 978-84-682-9253-3 | Galega |
| Inglés | All About Us Now 4. Class Book with Digital Class Book. Año: 2022<br>Autores: Hawys Morgan, Vanessa Reilly y otros. Ed: Oxford.<br>All About Us Now 4. Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book. Año: 2022<br>Autores: Hawys Morgan, Vanessa Reilly y otros. Ed: Oxford. | 978-0-19-407-4803<br>978-0-19-407-3905 | Inglés<br>Inglés |
| Relixión | Religión católica 4º Ven y verás. Ano: 2023. Autores: Pilar Ramírez, Jesús Mario Lorente. Ed. Anaya. | 978-84-143-2161-4 | Castelá |

***Só para a lumnado que ten a materia de Relixión Católica.**

**LIBROS DE TEXTO** **CURSO 2023/24** **5º e 6º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Non se presenta listaxe de libros por estar no proxecto E-DIXGAL**

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho



## 20.1. Libros lectura

**1º CICLO:**

- CAER DE CU POLO MUNDO. ESTÍBALIZ ESPINOSA. ISBN: 9788494321047 ED. APIARIO
- ¡SÍGUEME! ISBN: 9788498716764 ED. OQO

**2º CICLO:**

- SAINZA. A PUNKIERETEIRA. MARÍA CANOSA. ISBN: 9788412612202 ED. A COSTUREIRA
- LA MARAVILLOSA GRANJA DE Mc. BROOM. ISBN: 9788418733901

**3º CICLO:**

- A NENA LECTORA. MANUEL RIVAS. ISBN: 9788411100328 ED. XERAIS
- MOMO. MICHAEL ENDE. ISBN: 9788420482767 ED. ALFAGUARA

Rúa Antonio Pedreira Ríos, 13-15
15010 A Coruña
Tlf./Fax: 981257154 FAX: 981924276
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho


# 21. ANEXO 3. ACTIVIDADES FÓRA DO HORARIO LECTIVO

| HORARIO | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7:30 -9:00 | SERVIZO DE MADRUGADORES | | | | | | |
| 9:00-14:00 | DO 1 DE SETEMBRO AO 31 DE XUÑO: ACTIVIDADES LECTIVAS<br>DO 1 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO: CAMPAMENTOS DO ÁGORA<br>PAVILLÓN/ PISTAS / BAÑOS | | | | | | |
| 14:00-16:00 | SERVIZO DE COMEDOR | | | | | | |
| 16:00-18:00 | DO 1 DE OUTUBRO AO 30 DE MAIO: ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA/CONCELLO<br>PAVILLÓN/ PISTAS / BAÑOS E AULAS PARA PROGRAMAS DO CONCELLO | | | | | | |
| 18:00-19:00 | | CLUB DE FÚTBOL BATALLADOR | | CLUB DE FUTBOL BATALLADOR | | | |
| 19:00-20:00 | | PATINAXE CLUB GALICIA ROLLER-ASOCIACIÓN DE VECIÑOS | PATINAXE CLUB GALICIA ROLLER-ASOCIACION DE VECIÑOS | PATINAXE CLUB GALICIA ROLLER-ASOCIACION DE VECIÑOS | | | |
| 20:00 – 21:00 | | | PATINAXE CLUB GALICIAROLLER-ASOCIACION DE VECIÑOS | | | | |


XUNTA DE GALICIA